FE21321354405550	13/04/2021	A08431090 NATURGY IBERIA, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.)	POTENCIA ELEC. MODO 1 13/01/2021 - 11/03/2021 13,2 KW x 58 DÍAS x 0,12177 EUR/KW/DÍA ( CUPS ES0022000004988967YR1P Direc	3.056,69 €	3230/22100 220220004295	F/2021/2363
FE21137034637084	21/12/2021	A65067332 COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S.A. (ANTERIOR GAS NATURAL, SUR. SDG, S.A.)	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos - P1 (punta) ( 1.15 kW * 23.751377 Eur/kW y año * (24/365) días	9,69 €	1330/22100 220220004295	F/2022/0117

### INTERVENCIÓN

-Sr.Castrillón Permuy: bueno, sobre este extraxudicial de crédito, nos sigue estranando, que xa o dixemos máis veces, que no mes de maio deste ano sigamos aínda con extraxudiciais de crédito. Gustaríanos que alguén nos explicara cal é o motivo porque seguimos cada pleno traendo extraxudiciais de crédito.  
Nada máis.

-Sr.Romero Franco: bueno, como creo que xa sodes coñecedores, se quitou a concurso o contrato de electricidade, creo que quedou deserto e entón se está volviendo a recopilar información acerca de tema de prezos da electricidade para volver a sacar ese concurso noutras condicións. Por eso estamos nesta situación aínda. Grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: Abstencións 5

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

**5 °.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DAS DIRECTRICES TÉCNICAS PARA O EXERCIZO DA XESTIÓN RECADATORIA EN PERIODO VOLUNTARIO DA TAXA DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS POLA EMPRESA PÚBLICA MUNICIPAL COMPAÑÍA DE SERVIZOS MEDIOAMBIENTALES DO ATLÁNTICO, SA.**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Vista a proposta da Tesoureira municipal (TES16I089) de modificación das directrices técnicas para o exercizo da xestión recadatoria en período voluntario da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos pola empresa pública municipal Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico, SA (COSMA) que foran aprobadas polo Concello Pleno en sesión do 30.07.2020.

Logo de ver que a dita proposta de modificación foi trasladada á mercantil por oficio da Alcaldía (TES16S0ZZ) do 19.04.2022, recibido o 21.04.2022, e respecto do cal, con data de 26.04.2022, s polo xerente da mercantil se manifesta conformidade coa dita proposta.

Por todo o exposto; visto o ditame favorable por maioría (3 abstencións PP; 1 abstención BNG; 5 votos a favor TEGA e 2 votos a favor PSdG-PSOE) da Comisión Informativa de Contratación, persoal e especial de contas do 19 de maio de 2022, o seu presidente propón ao Pleno:

1º.- Aprobado a modificación das directrices técnicas para o exercizo da xestión recadatoria en período voluntario da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos pola empresa pública municipal Compañía de Servicios Medioambientales do Atlántico, SA (COSMA) aprobadas polo Concello en sesión do 30.07.2020 determinando, no seu punto 7º, que o ingreso do produto da recadación voluntaria da taxa de RSU en virtude do contrato formalizado se realice na conta que determine a Tesourería municipal – en atención ás condicións financeiras existentes en cada momento -o que será notificado oportunamente á mercantil COSMA, SA.

2º.- Notificar a COSMA, SA o acordo adoptado.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: A favor 5

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

**6 °.- PROPOSTA DE INICIACIÓN DUN PROCEDIMENTO DE REVOGACIÓN DUNHA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA RELATIVA A UN RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA A LIQUIDACIÓN DO IIVTNU DE DONA MARÍA JOSEFA DURÁN SUEIRAS .**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: Logo de ver o informe proposta do xefe do Servizo Municipal de Intervención e Facenda que literalmente transcrito di:

**“INFORME-PROPOSTA DO XEFE DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN E FACENDA**





**ASUNTO: INICIACIÓN DUN PROCEDEMENTO DE REVOGACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DUN RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA UNHA LIQUIDACIÓN DO IIVTNU DE DONA MARIA JOSEFA DURAN SUEIRAS (32695353-E)**

**ANTECEDENTES:**

-Con data 13-07-2021 (nº de rexistro de entrada 13.913) dona María Josefa Durán Sueiras presentou unha declaración, a efectos do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU) na que daba conta da transmisión, por compravenda, dun inmovible sito na rúa As Neves, nº 7 baixo, con referencia catastral número 6876008NJ6167N0001JS.

Xunto coa súa declaración a interesada achegou unha escritura pública de data 13-07-2021 (protocolo notarial nº 2.031) mediante a cal dona María Francisca Sueiras Dopico e dona María Josefa Durán Sueiras vendían e transmitían a propiedade do inmovible citado no parágrafo anterior.

-En data 19-10-2021 o concelleiro delgado de Facenda emitiu unha resolución mediante a cal aprobábase a liquidación, con número de referencia interna 317723, referida ao IIVTNU e cuxo suxeito pasivo era dona María Josefa Durán Sueiras, con NIF 32655353-E.

-En data 26-10-2021 notificouse á Sra. Durán a liquidación do IIVTNU, tal e como se acredita no acuse de recibo obrante no expediente administrativo.

-En data 22-11-2021 (nº de rexistro de entrada 22.849) dona María Josefa Durán Sueiras presentou un recurso de reposición contra a citada liquidación do IIVTNU, amparándose na recente Sentenza do Tribunal Constitucional nº 182/2021 de data 26-10-2021.

-En data 16-12-2021 o xefe do Servizo de Intervención e Facenda emite un informe-proposta, que eleva á Alcaldía deste Concello, no que propón a desestimación do recurso de reposición por considerar que o acto recorrido xa estaba consolidado no momento da emisión da Sentenza do Tribunal Constitucional.

-En data 16-12-2021 a Alcaldía dita unha resolución na que se acorda a desestimación do recurso de reposición presentada pola Sra. Durán Sueiras.

Cabe destacar que, por un erro administrativo, a citada resolución da Alcaldía non foi notificada á interesada.

Por outra banda, cabe subliñar que a data da emisión deste informe a liquidación do IIVTNU non se atopa pagada polo contribuínte.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS:**

**1º.- ANALISE DA STC 182/2021 DE 26-10-2021:**

En data 26/10/2021 o Tribunal Constitucional emite sentenza de inconstitucionalidade dos artigos 107.1, segundo parágrafo, 107.2.a) e 107.4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, que foi publicada no BOE nº 282 de 25-11-2021

No fundamento xurídico 5 da citada STC, establececese que:

*“B)...aplicando la doctrina constitucional de la capacidad económica como criterio de imposición expuesta en el fundamento jurídico anterior a los preceptos legales cuestionados en su configuración actual tras las SSTC 59/2017 Y 126/2019, puede afirmarse que a un impuesto de carácter real y objetivo como el IIVTNU, con un hecho imponible específico y no general (al gravar una concreta manifestación de riqueza, cual es la plusvalía de los terrenos urbanos por el paso del tiempo y no la renta global del sujeto), y sin constituir una figura central de la imposición directa, le es plenamente aplicable el principio de capacidad económica como fundamento, límite y parámetro de imposición. Lo que implica, en el caso del IIVTNU, en primer lugar, que quienes se sometan a tributación deban ser únicamente los que experimenten un incremento de valor del suelo urbano objeto de transmisión, como resolvió la STC 59/2017, FJ 3, al requerir transmisión del suelo urbano más materialización del incremento de valor para el nacimiento de la obligación tributaria; esto es, incremento real, y no potencial o*

presunto, para la realización del hecho imponible. Y, en segundo lugar, que quienes experimenten ese incremento se sometan a tributación, en principio, en función de la cuantía real del mismo, conectándose así debidamente el hecho imponible y la base imponible, dado que esta última no es más que la cuantificación del aspecto material del elemento objetivo del primero.

C)... Por ello, cabe concluir que el hecho de que el legislador opte por unos parámetros objetivos de cuantificación, renunciando a la valoración real de ese incremento, tiene como fin proporcionar un instrumento simplificado de cálculo que facilite la aplicación del impuesto a las dos partes de la obligación tributaria.... En este sentido, ante la complejidad y la incertidumbre que supone determinar y comprobar la realidad y exactitud del incremento de valor del terreno urbano objeto de transmisión, con excesivos costes de gestión y de litigiosidad, se optó por la simplicidad y certidumbre de un método objetivo de medición del incremento de valor por referencia al valor catastral en el momento de la transmisión y a un coeficiente en función de la extensión del período de generación del mismo, que agilizará la aplicación del tributo y redujera que supone acudir al incremento real.

D) Ahora bien, para que este método estimativo de la base imponible sea constitucionalmente legítimo por razones de simplificación en la aplicación del impuesto o de practicabilidad administrativa, debe (i) bien no erigirse en método único de determinación de la base imponible, permitiéndose legalmente las estimaciones directas del incremento de valor, (ii) bien gravar incrementos medios o presuntos (potenciales), eso es, aquellos que previsiblemente o presumiblemente se producen con el paso del tiempo en todo terreno de naturaleza urbana (SSTC 26/2017, FJ 3; 37/2017, FJ 3; 59/2017, FJ 3; 72/2017, FJ 3 y 126/2019, FJ 3).... Siendo pues, que la realidad económica ha destruido la antes referida presunción de revalorización anual de los terrenos urbanos que operó en la mente del legislador para crear la norma objetiva de valoración ahora cuestionada, desaparece con ella la razonable aproximación o conexión que debe existir entre el incremento de valor efectivo y el objetivo o estimativo para que razones de técnica tributaria justifiquen el sacrificio del principio de capacidad económica como medida o parámetro del reparto de la carga tributaria en este impuesto. Con lo que la base imponible objetiva o estimativa deja de cuantificar incrementos de valor presuntos, medios o potenciales.

En consecuencia, el mantenimiento del actual sistema objetivo y obligatorio de determinación de la base imponible, por ser ajeno a la realidad del mercado inmobiliario y de la crisis económica y, por tanto, estar al margen de la capacidad económica gravada por el impuesto y demostrada por el contribuyente, vulnera el principio de capacidad económica como criterio de imposición (art. 31.1 CE).

Es más, cabe añadir que la simplificación en la aplicación del IIVTNU desaparece en su actual configuración, dado que para su gestión ya se recurre al incremento efectivo y a su cuantía. Así, la materialización del incremento de valor del terreno urbano transmitido es condición sine qua non para el nacimiento de la obligación tributaria tras el STC 59/2017, FFJJ 3 y 5 a), y su cuantía real es determinante para la inexigibilidad del tributo en los supuestos en los que la cuota tributaria agote o supere el referido incremento efectivo tras la STC 126/2019, FJ 5 a). Por lo que carece ya de sentido exigir obligatoriamente el gravamen en función de la cuantía de un incremento objetivo basando su legitimidad constitucional en razones de practicabilidad ante una pretendida dificultad para determinar la existencia y cuantía del incremento del suelo urbano transmitido, cuando esa dificultad forma parte hoy de la mecánica de la aplicación de este impuesto.

Por todo ello, debe estimarse la presente cuestión de inconstitucionalidad promovida por la Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Andalucía, Ceuta y Melilla.”

No fundamento jurídico 6 da Sentencia, o Tribunal Constitucional establece o alcance e os efectos da declaración de inconstitucionalidade e nulidade; e así establece que:

“a) Por un lado, la declaración de inconstitucionalidad y nulidad de los arts 107.1 segundo párrafo, 107.2 a) y 107.4 TRLHL supone su expulsión del ordenamiento jurídico, dejando un vacío normativo sobre la determinación de la base imponible que impide la liquidación, comprobación, recaudación y revisión de este tributo local y, por tanto, su exigibilidad. Debe



*ser ahora el legislador (y no este tribunal) el que, en el real y no potencial o presunto, para la realización del hecho imponible. Y, en segundo lugar, que quienes experimenten ese incremento se sometan a tributación, en principio, en función de la cuantía real del mismo, conectándose así debidamente el hecho imponible y la base imponible, dado que esta última no es más que la cuantificación del aspecto material del elemento objetivo del primero.”*

A este respecto cabe destacar que co fin de dar cumprimento ao mandato do Tribunal Constitucional contido na súas Sentencias 59/2017, 126/2019 e 182/2021, aprobouse o Real Decreto-lei 26/2021, de 8 de novembro (publicado no BOE N° 268 DE 09-11-2021) polo que se adapta o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, á recente xurisprudencia do Tribunal Constitucional respecto do Imposto sobre o incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Continua o Fundamento Xurídico 6, da STC 182/2021, establecendo o **alcance e límites da Sentenza**, ao estipular que:

*“b) Por otro lado, no pueden considerarse situaciones susceptibles de ser revisadas con fundamento en la presente sentencia aquellas obligaciones tributarias devengadas por este impuesto que, a la fecha de dictarse la misma, hayan sido decididas definitivamente mediante sentencia con fuerza de cosa juzgada o mediante resolución administrativa firme. A estos exclusivos efectos, tendrán también la consideración de situaciones consolidadas (i) las liquidaciones provisionales o definitivas que no hayan sido impugnadas a la fecha de dictarse esta sentencia y (ii) las autoliquidaciones cuya rectificación no haya sido solicitada ex art. 120.3 LGT a dicha fecha.*

**Cabe subliñar que se entenden como situacións consolidadas todas aquelas liquidacións que teñan sido practicadas y notificadas e que non sexan firmes nin recorridas antes do 26-10-2021, data da STC 182/2021.**

Pois ben, no caso que nos ocupa, a liquidación do IIVTNU recorrida foi notificada á interesada en data 26-10-2021, é dicir na mesma data que o Tribunal Constitucional emite a Sentenza de inconstitucionalidade.

Así pois, enténdese que o acto administrativo da emisión da liquidación do imposto non é un acto consolidado por non terse notificado en data anterior ao 26-10-2021.

Nembargantes a Resolución da Alcaldía que sería necesario revogar desestimaba o recurso de reposición por entenderse que estabamos ante un suposto de acto consolidado, feito que non se axusta ao estipulado polo propio Tribunal Constitucional no fundamento xurídico 6 da Sentenza 182/2021, transcrito de xeito literal nos parágrafos anteriores.

## **2º.- REVOCACIÓN DOS ACTOS DE APLICACIÓN DOS TRIBUTOS.**

Co fin de centrar o ámbito obxectivo deste informe é esencial comezar por sinalar que a potestade de revogación dos actos de aplicación dos tributos regulase no artigo 219 da Lei 58/2033, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (LXT en diante) que precisa, no seu apartado terceiro que: *“[...] el procedimiento de revocación se iniciará siempre de oficio [...]”. E, no mesmo senso, o artigo 10.1 do Real Decreto 520/2005, de 13 de maio, aprobatorio do Regulamento xeral de desenvolvemento da LXT, en materia de revisión en vía administrativa (RD 520/05, en diante), establece que: “el procedimiento de revocación se iniciará exclusivamente de oficio, sin perjuicio de que los interesados puedan promover su iniciación por la Administración competente mediante un escrito que dirigirán al órgano que dictó el acto. En este caso, la Administración quedará exclusivamente obligada a acusar recibo del escrito. El inicio será notificado al interesado.”*

Tampouco o artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP, en diante), que é de aplicación supletoria en materia tributaria conforme ao establecido na súa disposición adicional primeira, prevé a posibilidade de que o procedemento de revogación de actos desfavorables, poida iniciarse a solicitude do interesado.

Polo tanto, tense que partir de que, como con toda rotundidade se afirma na Sentenza do Tribunal Supremo de 19-05-2011 (Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2ª, Recurso de Casación nº 2.411/2008, F.J 5º, Aranzadi RJ 2011, 4487), o artigo 2019 LXT non recoñece lexitimación aos particulares para iniciar o procedemento revogatorio, atribuíndolles unicamente a posibilidade de promover esa iniciación mediante o correspondente escrito, do que a Administración acusará recibo, en se prexuízo da tramitación subseguinte se se inicia o procedemento.

En consecuencia, considérase que a potestade revogatoria dese artigo 219 é unha facultade que a LXT outorga ás Administracións Tributarias, tras a oportuna confrontación dos intereses xerais e particulares en controversia, que pode decidir iniciar o procedemento revogatorio se aprecia causa para elo, ou non facelo.

### **3º.- Valoración da concorrencia dos presupostos para aplicar a revogación de actos:**

O artigo 219 LXT dispón, no seu apartado primeiro, que: *“la Administración tributaria podrá revocar sus actos en beneficio de los interesados cuando se estime que infringen manifiestamente la Ley, cuando circunstancias sobrevenidas que afecten a una situación jurídica particular pongan de manifiesto la improcedencia del acto dictado, o cuando en la tramitación del procedimiento se hay producido indefensión a los interesados. La revocación no podrá constituir, en ningún caso, dispensa o exención no permitida por las normas tributarias, ni ser contraria al principio de igualdad, al interés público o al ordenamiento jurídico.”*

Se ben, e conforme ao manifestado no apartado de antecedentes, a liquidación non se atopa pagada polo contribuínte nesta data, o procedemento de revogación poderá rematar ben propoñendo a devolución do ingreso á interesada para o suposto en que esta efectúe o pago da liquidación durante a tramitación deste expediente e antes da súa resolución, ou ben, mediante a anulación da liquidación.

### **4º.- Órgano competente para resolver:**

Finalmente, compre determinar o órgano competente para resolver sobre a iniciación ou non iniciación do procedemento revogatorio, conforme ás normas aplicables. O artigo 14.1 TRLHL establece, en canto á revisión de actos en vía administrativa, que: *“respecto de los procedimientos especiales de revisión de los actos dictados en materia de gestión tributaria se estará a lo dispuesto en el artículo 110 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local [...]”*. E o artigo 110 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRBRL en diante) que: *“1. Corresponderá al Pleno de las Corporaciones la declaración de nulidad de pleno derecho y la revisión de los actos dictados en vía de gestión tributaria, en los casos y de acuerdo con el procedimiento establecido en los artículos 153 y 154 de la Ley General Tributaria (hoy artículo 217 LGT). 2 En los demás casos, las entidades locales no podrán anular sus propios actos declarativos de derechos, y su revisión requerirá la previa declaración de lesividad para el interés público y su impugnación en vía contencioso-administrativa, con arreglo a la Ley de dicha Jurisdicción.”*

Se ben ese artigo 110 LRBRL non regula a revogación de actos de gravame, o artigo 219.3 LXT si establece que: *“ [...] será competente para declararla el órgano que se determine reglamentariamente, que deberá ser distinto al órgano que dicto el acto”*. Polo tanto, dado que a LXT dispón respecto á declaración da revogación que a competencia corresponde a un órgano distinto do que ditou o acto, enténdese que o procedente é aplicar a mesma regra, no caso de iniciación do procedemento de revogación. En consecuencia, sendo que o obxecto da pretensión da revogación (unha resolución da Alcaldía desestimatoria dun recurso de reposición sobre unha liquidación tributaria aprobada pola concelleiro delegado de Facenda), se considera que o procedente é que sexa o Pleno que decida sobre a iniciación ou non do procedemento.

Por todo o exposto, o funcionario que subscribe eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa, a seguinte proposta de acordo:

**PRIMEIRO.-** Iniciar o procedemento de revogación da resolución da Alcaldía de data 15-12-2021 desestimatoria de recurso de reposición interposto por dona María Josefa Durán Sueiras contra a liquidación do IIVTNU, con referencia interna nº 317723.



SEGUNDO.- Notificar o acordo plenario á interesada coa apertura do trámite de audiencia por un período de 15 días, para que poida alegar e aportar os xustificantes e documentos que estime oportunos.

TERCEIRO.- Contra o acordo plenario de iniciación do procedemento de revogación non cabe a interposición de recurso algún por tratarse dun acto de trámite.”

Visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos representantes de PP -3- e BNG -1-; e os votos a favor de TEGA -5- e PSdG-PSOE -2-) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 19 de maio de 2022, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos acordos anteriormente citados.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: A favor 5

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

**7 °.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 10/2022: SUBEXPEDIENTE Nº 02/2022 DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.** -Lida polo

secretario xeral a proposta que di así: Despois de ver a documentación que obra no expediente PRE/19/2022 e ante a necesidade de tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 10/2022: subexpediente nº 02/2022 de crédito extraordinario e suplemento de crédito financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2021, co fin de incrementar determinadas aplicacións orzamentarias dos capítulos 2 (gastos en bens correntes e servizos), 4 (transferencia correntes) e 6 (investimentos reais) do orzamento de gastos, para dar cobertura a determinados gastos que se consideran necesarios e inaprazables, por un importe total de 2.500.015,42 euros.

Na memoria do concelleiro delegado de facenda do 12/05/2022, que se contén neste expediente, expóñense as causas e razóns que motivan esta proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Tendo en conta o que se establece na Base nº 9 das Bases de execución do orzamento, no caso do crédito extraordinario non existe crédito orzamentario destinado ás finalidades específicas que se detallan memoria do concelleiro delegado de facenda para a execución dos ditos gastos; e, no caso do suplemento de crédito, non existe no estado de gastos do orzamento vixente, crédito orzamentario suficiente a nivel de vinculación xurídica, para facer fronte aos gastos que se propoñen e detallan na memoria do concelleiro delegado de facenda, sen que se imposibiliten as atencións previstas para este exercicio con cargo as mesmas.

Téndose en conta o que se dispón no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), nos artigos 35 a 38 do Real decreto 500/90, do 20 de abril na Base 9ª das

Bases de execución do orzamento e no informe de intervención do 12/05/2022 (PRE16I05V).

Visto o ditame favorable por maioría (cos votos a favor de TEGA -5; PSdG-PSOE -2-; e BNG -1--; e as abstencións do PP -3-) da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas do 19 de maio de 2022, o seu presidente propón ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 10/2022: subexpediente nº 02/2022 de crédito extraordinario e suplemento de crédito, por un importe total de 2.500.015,42 euros no orzamento vixente, segundo o que se establece na memoria do concelleiro delegado de facenda que se une ao expediente.

O detalle é o seguinte:

<b>CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>		
<b>Aplic. Orzam. Proxecto</b>	<b>Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade</b>	<b>Importe (euros)</b>
2311.22706	Elaboración de estudo sobre as mulleres en Narón (libro e soporte dixital)	17.955,00
3110.22606	Campaña de sensibilización benestar animal e salubridade pública	3.000,00
1510.61900 2022.4.00000.26	Urbanización de viais en PSI-11-A Solaina	169.888,61
1621.62300 2022.2.NG001.27	Aport. Mpal. Adquisición contenedores materia orgánica, caldeiros bioresiduos e bolsas compostables destinados a instalacións de tratamento biolóxico (Next. Generation)	24.119,55
1621.62300 2022.2.NG003.28	Aport. Mpal. Adquisición de puntos limpos móbiles para reutilización ou reciclaxe (Next. Generation)	13.020,00
1621.64000 2022.2.NG002.29	Aport. Mpal. Proxecto implantación e mellora recollida separada aceite cocíña (Next. Generation)	3.430,35
1623.64000 2022.2.NG004.30	Aport. Mpal. Programa de compostaxe doméstica (Next Generation)	3.535,55
1650.62300	Taladro para o servizo eléctrico municipal	1.174,00
3230.62300	Subministro de acumuladores eléctricos para calefacción nas escolas	7.500,00
3230.62900	Subministro de tobogán e elementos complementarios en escola de Piñeiros	7.500,00
3230.62900	Subministro e colocación de rampa accesible para o colexio Virxe do Mar	6.000,00
3230.63200 2022.4.00000.31	Substitución de pavés por fiestra con rotura térmica en escola do Val	3.300,00
3230.63200 2022.4.00000.32	Reposición de baños na planta baixa do colexio Virxe do Mar	26.999,15
3230.63300	Reposición de lavalouzas EIM da Solaina	2.061,84
3230.63500	Renovación de cadeiras infantís EIM da Gándara	1.300,00
3370.62300	Forno para cerámica local social San Mateo	5.705,15
3370.63200 2022.4.00000.33	Reforma cuberta local social de Castro-Chousa	21.999,65
<b>TOTAL CRÉDITO EXTRAORDINARIO</b>		<b>318.488,85</b>

**SUPLEMENTO DE CRÉDITO**



<b>Aplic. Orzam. Proxecto</b>	<b>Fin ao que se destina o novo crédito e causa da súa necesidade</b>	<b>Importe (euros)</b>
1532.21000	Reparación de taludes e beirarrías en Castro e A Gándara	47.036,08
1700.22799	Actividades medioambientais e Narón en Natural	11.800,00
2312.22699	Actividades con diversos colectivos obxecto de inclusión	4.000,00
2312.22799	Accións con colectivos en situacións de inclusión	10.000,00
2313.22799	Asistencia técnica para mellora accesibilidade en edificios publicos municipais	3.097,60
2410.22799	Accións formativas de tratamento de superficies e aplicacion manual de pintura e de bobinador de motores eléctricos	18.000,00
3341.22799	Liga Nacional de Graffiti 2022	24.000,00
3342.22799	Nova licitación xestión de centros comunitarios e programa de envellecemento activo	20.901,00
3380.22799	Preparación e organización de diversos eventos festivos (Festas de Nadal, Cabalgata de Reis, festa fin de verán)	92.000,00
3410.22609	Organización de diversos eventos deportivos (Bandeira de Traineras, I BTT de Resistencia e I Trofeo de Voleibol)	12.700,00
3410.22699	Homologación de pistas de atletismo Estadio de Río Seco	5.300,00
3420.22700	Contrato de limpeza xeral, pequenos traballos de mantemento e servizo de conserxería e limpeza C.P. A Gándara	32.640,00
4311.22609	Realización de diversos eventos (Mercado medieval, Feira do Mel, Mercado de segunda man, Feira Rexenera e Feira do Talento)	46.430,00
4330.22799	Programa Adiante Narón II, Campaña Narón Gastronómico, II Xornada Exaltación Marisco da Ría, Programa de seguimento Adiante Narón e Evento ao aire libre de promoción do comercio	57.600,00
4590.22799	Instalacións eléctricas temporais para Gulliver Fest Pedroso	16.407,60
9201.22799	Contorna web para o Centro de Interpretación do Muiño de Xuvia	25.000,00
9240.22799	Programa de dinamización en centros cívicos	15.000,00
3410.46200	Aportación ao Concello de Neda pola Organización do Memorial Adolfo Ros- Volta á Ría 2021	4.198,16
9240.48001	Convocatoria subvencións participación cidadá 2022	27.000,00
1320.62400	Adquisición de vehículo turismo tipo SUV para P. Local	48.000,00
1532.61900 2022.4.00000.34	Pavimentación plataforma exterior de Irmáns Froilaz	47.574,94
1532.61900 2022.4.00000.35	Reparación acceso Vilarquinte – Senda Litoral	38.877,30
1532.61900 2022.4.00000.36	Acceso a Muiño de Prados	48.236,65
1532.61900 2022.4.00000.37	Senda peonil en camiño de Igrexa a Braña (Doso)	80.634,40
1532.61900 2022.4.00000.38	Obras de accesibilidade en zona urbana (Estrada de Castela, Cidade Europa, Santa Icía, Virxe do Mar)	275.597,05
1600.60900	Ampliación de rede de saneamento en San Mateo	156.997,86



2022.4.00000.39		
1650.63301	Subministro luminarias led para mellora eficiencia enerxética estrada de Cedeira AC566	41.000,00
1710.60900 2022.4.00000.40	Instalación de xogo Faro Mariñeiro en vivendas da Mariña Santiago Apóstolo	57.581,60
1710.60900 2022.4.00000.41	Adecuación de zonas verdes en intersección Bispo Argalla	18.420,78
1710.60900 2022.4.00000.42	Dotación parque calistenia de Xuvia	21.198,32
1710.60900 2022.4.00000.43	Instalación de letras corpóreas no paseo de Xuvia	21.400,36
1710.60900 2022.4.00000.44	Instalación de xogo en praza 23 de novembro	43.866,19
2410.62300	Adquisición de dúas máquinas de soldar	5.400,00
3230.62500	Subministro de bancos para escolas	7.500,00
3420.61900 2022.4.00000.45	Reposición rede de rego en campo de fútbol de Cadaval	39.533,46
3420.62300	Instalación fotovoltaica de autoconsumo Pavillón da Gándara	92.000,00
4330.62900	Fabricación de 4 monolitos para sinalización no P.I. Río do Pozo (2ª fase)	15.700,00
4590.60900 2022.4.00000.46	Formación de alcorques de caucho en Cidade Europa	30.151,26
4590.60900 2022.4.00000.47	Acondicionamento de senda no paseo marítimo de Xuvia	27.129,87
9201.62600	Adquisición e equipos informáticos	17.000,00
9201.62600	Adquisición de 3 tablets e 3 impresoras para tramitación de denuncias de tráfico por vía electrónica	10.000,00
9330.60000 2022.4.00000.48	Demolición do cuartel da Garda Civil de Xuvia	247.727,69
9330.60000 2022.4.00000.49	Adquisición de terreo para rúa en PSI 10	2.100,00
9330.60000 2022.4.00000.50	Adquisición de terreo para Ampliación de zona verde e rúa en Av. San Xosé Obreiro, 60	24.802,00
9330.60000 2022.4.00000.51	Adquisición de terreo en entorno local social de Doso	35.000,00
9330.62500	Adquisición de mobiliario de oficinas para Policía Local	10.000,00
9330.62500	Subministro de mesas cambia cueiros en centro de formación municipal e outros	2.450,00
9330.63200 2022.4.00000.52	Acondicionamento acústico locais sociais Altea e Solaina	48.358,07
9330.63200 2022.4.00000.53	Obras de mellora de accesibilidade en edificios municipais – Centro Manuela Perez Sequeiros	11.142,86
9330.63200 2022.4.00000.54	Obras de mellora de accesibilidade en edificios municipais – Complexo Polideportivo A Gándara	183.035,47
<b>TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO</b>		<b>2.181.526,57</b>

O financiamento do expediente realízase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais procedente da liquidación do ano 2021 por un importe total de 2.500.015,42 euros.

**SEGUNDO.** Visto que se modifican determinadas aplicacións orzamentarias do capítulo 6 (investimentos reais), modificar o anexo de investimentos do exercicio 2022





aprobado definitivamente polo Pleno do Concello xunto co orzamento municipal na sesión celebrada o 07/02/2022.

**TERCEIRO.** Que se expoña ao público este expediente durante o prazo de quince días hábiles, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o pleno, conforme ao preceptuado no artigo 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, con referencia ao artigo 169 do dito texto legal.

**CUARTO.** No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previstos no artigo 169 do Real decreto lexislativo 2/2004 (TRLRFL). Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1º do dito artigo.

## **DEBATE**

-Sr.Romero Franco: boas tardes a todas e a todos. Como sempre explicamos, o presuposto cando o aprobamos explicamos que é un documento vivo, neste caso traemos este modificado de 2 millóns ou case 2 millóns e medio de euros e que se utilizan do remanente do concello e nada, cando explicamos tamén o noso modelo de presuposto, como temos claro o noso modelo de cidade, pois entendemos que neste momento, este modificado se fai para levar a cabo obras que cremos que son importantes para o concello. Entre elas, pois está, obras tan importantes como o derribo da casa cuartel da Garda civil por 250 000 ; a urbanización da Solaina, 170.000, inversión en accesibilidade, Estrada de Castela, cidade Europa, Santa Icíá, Virxe do Mar, colexio da Gándara, Manuela Pérez Sequeiros, por casi 400.000 euros, eficiencia enerxética, rego do fútbol do Cadaval, senda en Doso, acceso ao muíño de Prados pero vemos que hai unha inversión tanto na zona rural como na zona urbana, en practicamente todas as áreas que temos responsabilidade o noso concello. E nada máis. Moitas Grazas.

-Sr.Carballeira López: boa tarde. Quero comezar decindo que creo que o grupo municipal do BNG poñemos de manifesto continuamente a nosa intención positiva e proponentora, de apoio ao goberno deste concello. Dende o principio nos puxemos a disposición de propoñer e chegar a acordos e esa foi e sigue sendo a maneira de traballar. Un exemplo, é o anterior gran modificado de créditos, que tivemos hai un ano xustamente, no, en maio de 2021 que foi de máis de 7 millóns de euros, onde facendo talante do noso positivismo, decidimos apoiar poñendo condición, eso si, de que se abordasen posteriormente diferentes áreas, barrios e parroquias que quedaban nese momento descolgadas.

Aínda que puxemos en evidencia no seu momento a falta de proxecto político, funcionando a golpe de modificados de créditos, investindo en cousas que van saíndo, por aquí e por alí, según a liña clara de cal é o rumbo que queredes que tome Narón no futuro e aínda que espuxemos no seu momento o perigoso que é ese antigo sistema que usades de non investir cartos en anos e logo facer gastos superextraordinarios cando vedes chegar as eleccións, e aínda que vimos que quedaban o dixeran antes, áreas, barrios e parroquias, moi descolgadas, fomos quen de quedarnos só co positivo e á hora de votar ante a imperiosa necesidade de Narón, de aupalo con investimentos, apoiamos a

vosa proposta. Por eso, polo noso positivismo, cando vemos que nun mes, se vota en contra das nosas propostas coma da sinalética inclusiva nos edificios municipais pero ao mes seguinte vemos como se engade aos orzamentos con outro título nos alegamos e o vemos favorable. E cando vemos investimentos neste modificado de crédito que falan de Doso, San Mateo, saneamento no rural, sempre nos parecen poucos, pero o valoramos positivamente.

Ao ver que se dá crédito á demolición do antigo cuartel de Xuvia, por fin, pensamos que é un paso. Para encher ese espazo de servizos nese barrio, que os necesitan e o dixemos e o decimos e o valoramos positivamente, claro que si, e nos gusta ver que despois de insistir tanto na precariedade da accesibilidade nos espazos públicos, se vexa algo de investimentos nese aspecto. E este positivismo e apoio que queremos ter quedou patente na comisión informativa de contas deste mes, onde quixemos facer valer outra vez os puntos positivos pero sendo, eso si, conscientes de pasar por alto outros que non o son tanto.

Comprenderedes que ser oposición en Narón e apoiar este tipo de propostas, onde de golpe a porrazo, aparecen en xogo varios millóns de euros, pasándonos escasa información nun correo electrónico uns días antes e cunha comisión informativa que as dúas primeiras preguntas que lle fago sobre este punto xa non me sabe informar ata dous días antes do Pleno, pois comprenderedes que é un exercicio de confianza a ollos pechados.

E aínda que queríamos facelo nestes días, analizando xa con pouco de tempo, preocúpanos ver como o noso investimento ideal en igualdade que sería un fin, se quede nun libro de estudos das mulleres de Narón que non queremos que a igualdade do noso concello, se resolva moito con esto, que custa por certo 18.000 euros e bueno, a igualdade hai que traballala no terreo. Nos preocupa que despois de tanto investimento no estadio de Río Seco, aínda que se destine unha partida para recuperar as homologacións das pistas de atletismo sígamos sin unha solución para que os vestiarios sexan suficientes e operativos.

Preocúpanos moito que aínda que vemos apoio de fondos propios do concello a eventos do Padroado da Cultura imos deixar sen fondos á veciñanza de Sedes, para celebrar o seu Oenach atlántico. Por certo, a única festa que temos no noso concello de interese turístico na Galiza. Deberíamos de cuidala.

Preocúpanos apoiar coa dificultade de obter información temos a oposición de Narón, esas partidas de números redondos que ademais parecen exaserasadas. Poñer uns exemplos: suministro de luminarias led para a Estrada de Cedeira: 41.000 euros redondos, mobiliario para oficinas da policía: 10.000 euros redondos, 3 tablets e 3 impresoras, tamén para a Policía Local, outros 10.000 eurazos, redondos; por certo, falando dos corpos de Seguridade Cidadá municipais están ... que modificado tras modificado de crédito, nunca apareza un onde se reflicta un acordo para dar cobertura ás necesidades dos nosos bombeiros.

Bueno, por todo esto, polos vellos vicios de investir sen proxecto político, por querer anunciar tantas obras, que aínda temos sen facer as do modificado anterior e xa imos por outro de gran calado, pola pouca comunicación coa oposición, falta o día que intentedes interesarnos en chegar a un acordo para desenrolar un investimento, porque cremos que Narón precisa máis altura de miras. E porque non decilo, porque temos medo, de apoiar algunha partida sen poder ter a seguridade de que sexa totalmente ética. Desta vez, vémonos na obriga de cambiar o noso voto, e sen opoñernos aos novos investimentos e moi ao noso pesar, non podemos apoiar en confianza esta proposta do grupo de goberno.

Nada máis. Moitas grazas.



-Sr.Castrillón Permuy: moitas grazas e boas tardes.

Revisada a proposta da modificación de crédito entendemos que hai unha relación de actuacións que son necesarias aínda que seguimos botando en falta, como xa dixen outras veces, que non haxa un consenso coa oposición e si despois analizando en profundidade toda a relación das obras que propoñedes e que aparecen nese listado, pois sorprendenos que non apareza ningunha obra de seguridade viaria, como a mellora de iluminación nos semáforos, así como o reforzo de sinalización tanto horizontal como vertical, cando acabamos de ter un congreso de seguridade viaria neste concello e que realmente se falou deste tema e era unha das prioridades que decían nese Congreso. Paréceme triste.

E que ademais se recuperan a moción que presentamos nós hai un ano, no mes de maio de 2021, onde falabamos dese tema, sobre semáforos e sobre seguridade vial, pois creo que deberían de telo en conta.

Tamén me sorprende que non apareza despois da cantidade de obras que están facendo en torno a Río Seco, que non apareza unha obra de accesibilidade ás bancadas de Río Seco. Cando vostedes saben que hai tempo que se está reclamando e que non son accesibles. Eso tamén nos sorprende.

Así como nos sorprende que aparecen unhas partidas importantes de organización de eventos, festivos e botamos en falta que non apareza unha partida para o Oenach atlántico de Sedes.

Xa o falou o compañeiro pero que está ademais recoñecido como Festa de Interese Turística de Galicia. E que ten unha historia de máis de 20 anos.

Tamén botamos en falta a área recreativa de Pedroso, que xa no seu día lles pedimos que fixeran alí os traballos de acondicionamento e preparación que está aí o verá e que ten moitas visitas e moita xente. Tamén notamos que tampouco no está.

E xa non falemos do antigo Centro de Saúde, que tampouco aparece e que tamén dende a oposición, fixemos propostas e quedamos de que nos ían a informar e estamos á espera de que nos informen e esperemos e desexamos que o antigo centro de saúde non pase como pasou co cuartel da Garda Civil de Xuvia que despois de moitos anos, agora parece ser que se deciden a demolelo pero tampouco non sabemos cal vai ser o seguinte paso que se vai facer nesa parcela que queda libre no.

E se falamos de viarios poderíamos volver a unha lista que presentamos por Rexistro varias veces, presentamos algunha moción e que non aparece practicamente ningunha desas obras. Por exemplo, a rúa Edreiro, rúa Wenceslao, Nas Lagoas; a travesía San Carlos, lugar do Ponto; poderíamos dicir moitas, eh, rúa Pérez Arévalo, a reparación do asfalto no acceso a Manuela Pérez Sequeiros dende a rúa Alvaro Cunqueiro. Podería dicir unhas cantas, no.

E se falamos dunhas partidas concretas tamén nos gustaría que nos dera unha explicación deses números que hai nesas partidas, no. Por exemplo, unha partida de 60 000 euros para preparación e organización da festa do Nadal; asistencia técnica na cabalgata de Reis: 20.000 euros; organización festa fin de verán 12.000 euros; III Xornada exaltación marisco da ría 17.600 euros; subministro e instalación de letras corpóreas no paseo de Xuvia, 21.400 euros; Rego no campo do Cadaval:39.533 euros. Non estaba incluído no proxecto do cambio do césped artificial. Se non é así o Sr.concelleiro o outro día, na Comisión de Obras, faltou á verdade.

Espero que nos poidan contestar un pouco para xustificar onde se van a meter eses cartos.

Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: primeiro, non sei se se entende que esto é un modificado. É dicir, o presuposto xa está elaborado, xa está aprobado, xa está en vigor. Moitas das cousas que estades falando xa se levan no presuposto. Xa se van a levar a cabo.

É curioso que se vote que no ao modificado e despois salgan nas redes sociais anunciando e bueno, felicitándose polo bo traballo da oposición que o concello leva a cabo propostas que eles... ou grazas ao Bloque Nacionalista Galego, se vai a levar a cabo un proxecto de pictogramas. Se anuncia nas redes sociais e despois se vota en contra do propio modificado que leva esos pictogramas. É moi curioso.

Despois bueno, nós entendemos que o noso rumbo como cidade o temos moi claro.

Aínda que pensedes que no, loxicamente sodes a oposición, que ides dicir. O temos moi claro, por eso todos os proxectos que levamos tanto no presuposto como nestes modificados van na liña do que entendemos nós do que queremos para Narón.

E si que nos gustaría, como entendo tamén que o voto do Partido Popular vai ser en contra, si que nos gustaría que lle explicaran a cada unha das obras que imos a facer que non son importantes para vos, e que quizais que non teñan importancia para o Partido Popular e para o BNG a realización destas obras no noso concello.

E por aclarar un punto, creo que falar do Oenach en Sedes, sen escoitar a outra parte... non sei si.... Entendo que sodes a oposición e tal.... Tedes que crear polémica e dicir o Concello non apoia esa festa. Home, primeiro falade coa xente e cos técnicos que tiveron a reunión, e despois facedes unha valoración, se o Concello apoia ou non apoia esa celebración.

Nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Carballeira López: bueno, unha cousa. Eu penso que nada do que reclamamos está nos orzamentos tampouco. De feito nos orzamentos, casi non había investimento. Unha das cousas que reclamamos é que se fagan os investimentos nos orzamentos tamén. Que significaría unha saúde política do Concello, no, que non hai.

Despois nós non imos a votar en contra por responsabilidade. Nos alegramos moito, xa o dixen, de cousas boas que atopamos nos orzamentos. De feito, na comisión votamos a favor porque quixemos ver estas cousas positivas.

Alegrámonos moito que miredes as nosas redes sociais porque estou seguro que podedes sacar un montón de ideas, e estou seguro que estas que aparecen aquí, que nos alegramos, puideron ser sacadas das redes sociais, tamén. Nos podedes preguntar, estamos a disposición para o que faga falta.

E no Oenach non sei cal é a outra parte, a dos técnicos. Nós nos reunimos cos veciños e nós mesmos temos a nosa opinión do Oenach. Cremos que é unha das festas a defender en Narón, quizais a que máis, non sei se me atrevería a dicir eso pero dende logo, ten a repercusión esa de interese turístico en Galicia que é a única que o ten en Narón.

Bueno, nada máis.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa. Bueno, a verdade é que a resposta de vostede é unha resposta á calada, no. E dicir, non contestou nin unha sola pregunta das que lle fixemos. E despois, como quere que lles votemos a favor? Se non son capaces de xustificar os eventos e as charangas que van a facer. É certo. Non son capaces de xustificar onde van a gastar ese diñeiro.



Nós lle dixemos que había obras que as vemos interesantes e necesarias, e lles pedimos para decidir o voto, que nos explicaran en que se ían a investir estas 7 cousas que lles propuxemos. Entonces, home, é triste, no. É triste. Que o equipo de goberno non sexa capaz... trae unha modificación de crédito e non sexa capaz de xustificar por que e cando se van facer eses eventos. As obras esperemos poder velas feitas. E que se certifiquen, e que cumplan todo o proceso administrativo. Estou seguro que si. Pero home, o que non pode ser é que queira que lle votemos a favor cando vostede mesmo, non é capaz de explicalo.

Mire, e referente a esta modificación de crédito, de 2 millóns e medio, o investimento real en obras é 1.400.000 . Eso quere decir, que 1.100.000 que queda é para gastos correntes do capítulo II . Polo tanto, consideramos que mezclan cousas que non lle podemos votar a favor. Se vostede trouxera dividido e trouxera unha inversión en obras, estou convencido que lle votaríamos a favor. Pero o que non pode é mezclar e despois querer que nós sexamos cómplices dunhas modificacións de crédito onde o que vai facer é prexudicar a estabilidade nas contas do concello cara o ano 2023 e o que lle vai obrigar a que lle teñan que subir aos veciños os impostos .

Eso é o que vai ocorrer. E nós non podemos ser cómplices deso. E o que me gustaría que sexan capaces de explicar, as cousas cando veñen a este Pleno. Porque non as explican na comisión, nin as explican cando chegan ao Pleno. Porque é a realidade, é a realidade. Entoncez o noso voto non vai a ser a favor, loxicamente, ímonos abster por responsabilidade e porque consideramos que dentro destas obras, o que é obra entendemos que son necesarias e que é importante facelas aínda que é certo que se poderían presentar cando foron os orzamentos, o que pasa é que loxicamente, teñen tanto gasto corrente comprometido que cando facemos o orzamento, non teñen capacidade económica para facer obras de inversión. É o que lles está pasando, e agora estamos vendo que outra vez meten 1.100.000 en gasto corrente, algo que non é interesante nin conveniente. Porque xa vemos que van a chegar outro momento do cerre do grifo. Xa está advertindo Europa ao goberno de España. Polo tanto, home, eu creo que é importante ter as contas do concello saneadas e non investir o diñeiro en financiar eventos elitistas que son moitos dos que están facendo aquí, no.

Pola nosa parte, me gustaría que alguén me contestara que pasou co rego do campo de fútbol do Cadaval. Porque ven aquí cando teñen un contrato firmado e cerrado dende xaneiro deste ano coa empresa, que non sei quen fixo a obra e cal é o motivo para que non se teña feito a obra e agora que nos apareza neste orzamento a partida co rego para o campo de fútbol do Cadaval. Pola nosa parte nada máis e moitas grazas.

-Sr.Romero Franco: a ver. Imos a decilo. Paréceme unha posición se falades de oposición constructiva non me parece nada constructivo, que tomedes as comisións como un pleno cachondeo, mero trámite que o único que ides alí é a decir, absterse absolutamente de todo, non hai ningún tipo de debate, non hai ningún tipo de cuestión, corrixo neste caso a Geno que si que preguntou por 2 partidas concretamente e despois se veña aquí ao Pleno, o día do Pleno eso si, para decir especificamente que necesitamos aquí ou que partida é isto ou onde se vai gastar. Primeiro para eso están as comisións, se tedes algunha dúbida ou algunha partida. E si tedes algún interese real dalgunha desas partidas, preguntadeo daquela. Que o único ao que se limitan nas comisións é a absterse para despois decidir o voto no Pleno e facer este tipo de intervencións.

E volvo a decir, e xa para rematar, temos claro o tipo de cidade que queremos, por eso seguimos esta liña de traballo que é continuista co presuposto que inicialmente se aprobou e por suposto que estamos orgullosos das obras e os servizos que estamos a levar a cabo. E nada máis. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: por alusións. Nós non tomamos as comisións de cachondeo nin moito menos. Creo que vostede Sr.portavoz, está equivocado, ten unha posición contraria. Porque quen ten que levar a explicación ás comisións é vostede. Vostede é o que nos ten que explicar. Esa é a realidade.

-Sra.alcaldesa: as comisións, e vostede o di, de feito tamén o dixo na Xunta de Portavoces, “bueno, xa debatimos no Pleno”. Quero decir, nas comisións vostedes se teñen calquera dúbida, calquera aclaración, me consta que Geno fixo dúas preguntas, que evidentemente de todo pode haber cousas que nese momento non se teñan alí os datos e me consta que tamén lle trasladaron cal é esa información.

Evidentemente poden facer o que queiran, pero alí é o momento donde si queren de verdade construír algo, se queren facer algunha pregunta, se queren facer calquera cuestión, é dicir, agora ven con todas esas.... Emumera 10 ou 12 ou non sei cantas que non é ningunha pregunta porque en medio dunha intervención que como comprenderá ou tomamos nota para ir respondéndolle unha por unha ou estamos aquí ata mañá.

E cousas que di que a verdade que repite unha e outra vez que cré que así se fan realidade. Pero a verdade, para eso están como lle decía ben, as comisións. Se queren construír, se queren nalgún momento facer algún tipo de aportación que sexa... .e unha cousa coa afirmación que decían dos pictogramas se lle dixo claramente que se votaba en contra porque se estaba traballando nelo dende había tempo, é dicir, non é agora que aparece de repente. O que pasa que vostedes sacan uns titulares e farán o que queiran porque evidentemente para eso tamén teñen esa capacidade. Cando queiran construír aquí estamos para poder facelo. Pasamos a votar a proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: Abstencións 5

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: Abstencións 2

## **8 º.- PROPOSTA RELATIVA AO PAGO DA "ORGANIZACIÓN DO MEMORIAL ADOLFO ROS-VOLTA Á RÍA 2021" AO CONCELLO DE NEDA..**

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: De conformidade co establecido no Artigo 175 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a tal respecto fórmase a seguinte **PROPOSTA**:

### **A ) ANTECEDENTES**

O día 6 de maio de 2022, a xefa da Sección de Deportes co Vº Pr. do Concelleiro de Deportes, emitiu o informe de Recoñecemento extraxudicial, que di así :

#### **“I N F O R M E:**

*1 - O día 18 de decembro de 2019, asinouse o Convenio de Colaboración entre os Concellos de Narón, Neda, Fene e Ferrol para a organización da proba deportiva denominada “Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría “. O devandito convenio, recolle as aportacións económicas de cada Concello para a organización da citada proba, que son as seguintes:*



Concello de Ferrol – 5.253,26 €

Concello de Neda - 2.099,05 €

Concello de Fene - 3.148,60 €

Concello de Narón – 4.198,16 €

2 - No ano 2020, correspondía ao Concello de Neda a organización da devandita proba Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría” . Por mor da crise sanitaria da Covid-19, o citado evento, ao igual que moitos outros non se puido realizar por motivos de seguridade e para evitar a propagación do virus.

No ano 2021, que segundo o Convenio asinado, era o Concello de Fene o que debería levar a cabo a organización da devandita proba, foi o Concello de Neda o que asumiu a mesma ao non poder facelo no ano anterior, e non perder así a súa quenda.

3 – A celebración do evento “ Memorial Adolfo Ros- Volta á Ría “ correspondente ano ano 2021, tivo lugar o día 12 de decembro de dito ano, e como xa se citou anteriormente foi organizado polo Concello de Neda, aínda que pola súa quenda correspondese ao Concello de Fene.

4 - Que segundo o apartado c) da Base 15 de Execución dos Orzamentos do Concello de Narón, o pago da cantidade correspondente debe ser sometida a un expediente de recoñecemento extraxudicial, que deberá ser satisfeito a terceiros de boa fe por aplicación do principio de prohibición do enriquecemento inxusto da administración.

Polo exposto anteriormente, a que suscribe propón:

1 – Autorizar, dispoñer e recoñecer a obrigación do pago da cantidade de 4.198,16 €, ao Concello de Neda, pola organización do “ XXXV Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría “ o día 12 de decembro de 2021, quedando dita autorización, disposición e recoñecemento suspendido e condicionado á aprobación é entrada en vigor do Expediente de Modificación de Crédito que se tramite para dotar de crédito necesario a partida 3410 46200 e así poder facer fronte á tramitación do pago da cantidade citada.”

O día 12 de maio, a Interventoral xeral emitiu un informe de Reparación con efectos suspensivos ( ICO16I05R) ao informe de recoñecemento extraxudicial citado anteriormente.

O día 12 de maio a xefa da sección de Deportes, emitiu un informe xustificativo, ( DEP16I090) coa finalidade, se procedese, do levantamento de dito reparo suspensivo por parte do Concello Pleno de Narón.

## **B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedimento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público

Polo exposto anteriormente, e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos representantes de PP -3- e BNG -1-; e os votos favorables dos membros de TEGA - 5- e PSdG-PSOE -2-) da Comisión Informativa de Contratación, Persoal e Especial de Contas de data 19-05-2022, o seu presidente PROPÓN ao Concello Pleno a aprobación dos acordos seguintes:

1 - Levantar o reparo con efectos suspensivos da Intervención Xeral de data 12 de maio de 2022 (ICO16I05R) ao expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito para a

autorización, disposición e recoñecemento da obriga ao Concello de Neda pola organización do Memorial Adolfo Ros do ano 2021

2 - Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga do pago da cantidade de 4.198,16 €, ao Concello de Neda, pola organización do “XXXV Memorial Adolfo Ros – Volta á Ría” o día 12 de decembro de 2021, quedando dita autorización, disposición e recoñecemento suspendido e condicionado á aprobación e entrada en vigor do Expediente de Modificación de Crédito que se tramite para dotar de crédito necesario a partida 3410 46200 e así poder facer fronte á tramitación do pago da cantidade citada.”

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**9 °.- PROPOSTA DE IMPOSICIÓN DE PENALIDADES NO MARCO DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DENOMINADO "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR".** -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Xefe do Servizo de Contratación, en relación ao contrato denominado “Servizo de Axuda no Fogar”, elevou a esta Alcaldía-Presidencia, en data 12 de maio de 2022, o informe-proposta que di:

“Expediente CON/34/2019: Servizo de Axuda no Fogar

Asunto: proposta de imposición de penalidades

En relación ao expediente e asunto sinalados no encabezado, emítese informe-proposta en base aos seguintes

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

A Alcaldía deste Concello, en data 07 de abril de 2022, ditou resolución pola que se incoa expediente de imposición de penalidades no marco do contrato denominado “Servizo de Axuda no Fogar”, á empresa contratista, OHL SERVICIOS INGESAN S.A.U., nos termos do informe subscrito pola Xefa do Servizo Sociocomunitario con data 04 de abril de 2022, que cifra no 2,5% do prezo anual do contrato a contía das penalidades propostas.

Cursado trámite de audiencia á empresa contratista, con traslado do precitado informe, a empresa presenta escrito en data 25 de abril de 2022, comprensivo de tales alegacións, solicitando desestimar a proposta de penalidades presentada, en base a que non se produciron todas as que se expoñen e de que as que chegaron a producirse tiveron lugar por causas que son totalmente alleas á contratista.

Vistas as alegacións, a Xefa do Servizo Sociocomunitario emite novo informe, en data 28 de abril, que di:

#### **“ANTECEDENTES**

*Con data 04-04-2022 (SSO16IOPL) esta xefatura do Servizo Sociocomunitario emitiu informe no que, ante as múltiples queixas formuladas polos usuarios do SAF que derivan dos graves e reiterados incumprimentos imputables á empresa adjudicataria do SAF, OHL SERVICIOS INGESAN SAU, propuxo ó órgano de contratación iniciar as actuacións tendentes á imposición de penalidades á citada mercantil consistentes no 2,5% do prezo anual do contrato, cursando trámite de audiencia á empresa adjudicataria.*

*Con base no antedito informe a Alcaldía do Concello de Narón, con data 07-04-2022, resolveu a incoación de expediente de imposición de penalidades á empresa contratista, cursando*





*trámite de audiencia con traslado do precitado informe e concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a formulación das alegacións que estimase oportunas en defensa dos seus intereses.*

*Con data 25 de abril de 2022 a empresa OHL SERVICIOS INGESAN, SAU presentou escrito de alegacións ó expediente de imposición de penalidades polos incumprimentos relatados no informe emitido por esta xefatura de servizo.*

*O citado escrito de alegacións pilota a súa argumentación sobre dous fundamentos, a falta de colaboración dos traballadores da empresa na realización das súas funcións e outras circunstancias alleas á empresa contratista, con base ás cales solicita a desestimación da imposición de penalidades incoada pola Alcaldía.*

### ***1º Alegación: Falta de colaboración dos traballadores.***

*Respecto á falta de colaboración dos traballadores a mercantil adxudicataria fundamenta a alegación no marco da negociación do convenio colectivo de axuda a domicilio de Galicia, agravada polo incremento do prezo dos carburantes, o elevado índice de absentismo laboral, así como no feito de que os servizos se distribúen maioritariamente en horario matutino, xerando unha necesidade elevada de persoal cuxa provisión é unha problemática xeneralizada que conflúe en todas as empresas do sector.*

*En relación con esta argumentación, quen subscribe considera que as alusións tanto á negociación do convenio colectivo como ó incremento do prezo dos carburantes non son máis que unha problemática conxuntural que non pode repercutir nas tarefas intrínsecas que supón o obxecto do contrato en si e, en modo algún, implicar a non prestación de servizos a usuarios con gran dependencia e altas necesidades de atención.*

*A alegación formulada non ten sustentación si se colixe coa existencia previa dun expediente de apercibimento cursado á empresa adxudicataria en setembro de 2021 -por incumprimentos de similar natureza ós que deron lugar á incoación deste expediente de imposición de penalidades- momento no que nin a negociación do convenio colectivo nin a alza do prezo dos combustibles estaban presentes.*

*No que respecta ó absentismo laboral, o seu incremento puntual non constitúe un feito alleo ó contratista, como tampouco lle son alleas as eventuais medidas que puidera este implantar para reducir a porcentaxe de dito absentismo e, dese xeito, paliar as consecuencias que supón este condicionante nun servizo eminentemente persoal como é a prestación da axuda no fogar a persoas dependentes.*

*En canto á argumentación das franxas maioritarias de distribución horaria e á problemática xeneralizada nas empresas do sector para dotarse de persoal cualificado, non son particularidades que ignoren as empresas especializadas na prestación de servizos de axuda no fogar, no primeiro caso por resultar evidente que calquera actuación asistencial de carácter básico persoal (aseo, alimentación, pautas de medicación, etc) dificilmente podería entenderse en franxas horarias posteriores ás 14:00 horas, e que constitúen circunstancias que xa estaban presentes na propia regulación convencional cando as partes negociadoras acordaron establecer a xornada mínima parcial en oito horas e, respecto á segunda cuestión, a xeneralidade do sector na problemática da dotación de persoal, a mercantil adxudicataria debe cumprir as cláusulas que conforman o prego de condicións técnicas do contrato, entre as cales figuran as seguintes obrigas:*

### ***“5.- MEDIOS PERSONAIS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO***

*[...A empresa adxudicataria deberá dispoñer, en todo momento, dos profesionais necesarios e suficientes, para garantir a óptima calidade da prestación do Servizo, coas titulacións, formación, experiencia e ratios que recolle a normativa de aplicación.*

*A empresa adxudicataria subrogará ao persoal existente, e implementará o número necesario en función do Plan de traballos que presente, ou os necesarios en cada momento en función do número de usuarios do servizo, cumprindo o convenio colectivo de aplicación en vigor.*

....

*A empresa adxudicataria contará cunha bolsa de emprego que permita a substitución, coa maior brevidade posible, de calquera incidencia na prestación do servizo por parte do persoal adscrito ó SAF de Narón (baixa médica, vacacións, ausencias, permisos, accidentes, etc), garantindo a subrogación do persoal existente e a máxima xornada cotián de contratación para asegurar a estabilidade e rendibilidade profesional, procurando incrementar a xornada das traballadoras xa existentes en aras de non incrementar o número de contratos de traballadores con escasa xornada cotiá.*

....

*A empresa substituirá de xeito inmediato todas as ausencias, baixas laborais, vacacións e outras eventualidades do persoal adscrito ó SAF de Narón (tanto as auxiliares de prestación do SAF nos domicilios como o persoal técnico e administrativo), garantindo que as persoas usuarias reciban a prestación do servizo. En caso de incumprimento desta obriga, aplicaranse as penalidades reflectidas no prego de cláusulas administrativas.*

...

*En todo caso, a entidade adxudicataria disporá de recursos humanos especializados no SAF para incorporar de maneira inmediata no suposto de necesidade, consonte as tarefas fixadas nos proxectos de intervención, con especial relevancia no caso das auxiliares que prestan o servizo nos domicilios dos dependentes....]*

*Non pode, polo tanto, desvincularse das obrigas da adxudicataria, a necesidade de contar con persoal suficiente para abordar con solvencia a prestación do servizo non soamente a todos os usuarios activos, senón tamén posibilitar a recepción de servizos de axuda no fogar, tanto nas modalidades de Dependencia como de Libre Concorrenza, a novos dependentes que figuran na lista de agarda e de contar igualmente con persoal suficiente para proveer, con carácter inmediato, todas as incidencias que poidan xurdir por ausencia, vacante, enfermidade ou outras sobrevidas, sen que iso repercuta na calidade dos servizos que se deben prestar ós usuarios.*

## **2º Alegación: Circunstancias alleas á contratista.**

*A adxudicataria basea esta alegación en varias circunstancias, que se concretan en:*

*- Ofrecementos realizados pola mercantil ó persoal que presta servizos entre semana para asumir servizos de fin de semana ante a carencia de persoal para abordar substitucións así como na priorización da prestación de servizos a usuarios con necesidades esenciais diminuíndo o tempo de prestación en aqueles cuxa prestación fose maior ou que entre as tarefas a realizar estivesen incluídas prestacións de carácter doméstico.*

*- Deixa constancia das diversas reunións mantidas co persoal da propia empresa -ós que se lle ofrecen estímulos económicos e a posta a disposición de vehículo (taxi) para a realización de servizos fora da zona urbana- así como con persoal municipal para abordar a problemática xurdida pola carencia de persoal.*

*- Manifesta que non son correctos 6 dos 36 servizos non prestados que se relacionan no informe que deu pé ó expediente de imposición de penalidades por incumprimento do obxecto*



*do contrato, pois algúns deses seis servizos foron rexeitados polos usuarios ou/familiares e noutro caso “soamente” se deixou de prestar 45 minutos a unha usuaria.*

*Inclúe a alegante dentro destas circunstancias alleas á contratista a particularidade que conflúe no Concello de Narón ó dispoñer dunha ampla zona rural que, segundo estimacións da adxudicataria, suporía un coste aproximado de prestación por hora efectiva de servizo de 27,80 euros en domingos e festivos, o que implica un perda bruta por hora de 11,38 euros.*

*Da análise desta alegación despréndese o recoñecemento implícito, por parte da mercantil adxudicataria, dos incumprimentos que se relacionan no informe que desembocou no expediente de imposición de penalidades, toda vez que sobresaie a evidencia de que determinados servizos foron obxecto de diminución do tempo de prestación e que, á marxe da mención expresa a seis servizos non prestados por vontade dos usuarios, se produciron abandonos do servizo (parciais ou totais) a unha trintena de usuarios/as.*

*Respecto á argumentación que fai referencia á existencia dunha ampla zona rural no Concello de Narón e á implicación que esta circunstancia supón na repercusión económica do contrato (que estiman nunha perda bruta de 11,38 euros por hora en domingos e festivos), quen subscribe non ve fundamento ningún que poida emparellar esta singularidade cos reiterados incumprimentos que a empresa adxudicataria leva cometendo desde o verán do ano 2021 (lémbrese novamente a existencia dun apercibimento por incumprimentos de carácter leve acaecidos nos meses de xullo a setembro de 2021), máxime cando a propia mercantil presentou á licitación, no marco dos criterios susceptibles dun xuízo de valor, un proxecto pormenorizado de xestión do servizo adaptado ás necesidades da poboación naronesa e, no que atinxe ós criterios avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, non soamente non mantivo o tipo de licitación fixado nos pregos base da contratación (17 euros/hora máis IVE), senón que ofertou unha rebaixa ó prezo/hora ata os 16,56 euros/hora máis IVE, ofrecendo ademais outras melloras de carácter gratuíto tanto para o Concello de Narón como para os usuarios/as do servizo.*

*Todas as xustificacións argumentais ofrecidas pola adxudicataria non poden prevalecer sobre a principal necesidade e obxecto fundamental do contrato que é a atención asistencial a persoas dependentes.*

*Á vista dos antecedentes sinalados, en aplicación do establecido no art. 197 da Lei de Contratos do Sector Público (LCSP), a execución dos contratos administrativos realizarase a risco e ventura do contratista, o que supón a asunción por este do “aleas normal do contrato”, que engloba os riscos derivados do erro de cálculo e a mala xestión empresarial imputable ó propio contratista.*

*Neste contexto, debe terse en conta a STS de 20 de xullo de 2016 onde se sinala que: “en lo que concierne a las alteraciones de la economía del contrato, la expresa aplicabilidad del principio de riesgo y ventura hace que el contratista, al igual que se beneficia de las mayores ventajas que en relación con las previstas le depare la dinámica del contrato, ha de soportar la mayor onerosidad que para él pueda significar su ejecución”.*

*Esta mesma sentenza lémbraunos que a proclamación legal do principio de risco e ventura leva inherente un elemento de aleatoriedade dos resultados económicos do contrato; aleatoriedade que significa que a frustración das expectativas económicas que o contratista tivo en consideración para consentir o contrato non lle libera de cumprir o estritamente pactado nin, conseguintemente, lle faculta para apartarse do vínculo contractual.*

*Como corolario do anteriormente exposto, dando por bo que unha mínima parte dos servizos non prestados foron rexeitados polos usuarios ou os seus familiares (6 dos 36 incumprimentos evidenciados) así como o puntual incremento do índice de absentismo, e que as restantes fundamentacións alegadas non desvirtúan os incumprimentos imputables á empresa contratista, quen subscribe propón ó órgano de contratación que resolva:*

*1º.- Estimar parcialmente as alegacións formuladas pola empresa OHL SERVICIOS INGESAN SAU no que respecta a seis dos trinta e seis incumprimentos que se relacionan no informe proposta de imposición de penalidades e ó puntual incremento da porcentaxe de absentismo laboral.*

*2º.- Desestimar as restantes alegacións formuladas por OHL SERVICIOS INGESAN SAU toda vez que non desvirtúan os incumprimentos imputables á adxudicataria do contrato de xestión do servizo de axuda no fogar e, en consecuencia, impoñer á citada mercantil unha penalidade consistente no 1,5% do prezo anual do contrato, excluído IVE.*

*3º.- Respecto á forma de facer efectiva a imposición desta penalidade, en aplicación do establecido no art. 194 da LCSP, realizarase mediante dedución das cantidades que, en concepto de pagamento mensual, se abonen a OHL SERVICIOS INGESAN SAU pola prestación do servizo de axuda no fogar.”*

Resultan de aplicación, en canto á actuación que ha seguir o Concello, os seguintes

## **FUNDAMENTOS DE DEREITO**

Danse por reproducidos os fundamentos legais e recollidos no prego apuntados pola Xefa do Servizo Sociocomunitario no seu informe de data 04 de abril.

Desta forma, e á vista no novo informe da responsable do contrato, transcrito nos antecedentes deste informe, acredítase un incumprimento grave nas obrigas contractuais asumidas pola empresa contratista, que conducen á imposición dunha penalidade do 1,5% do prezo anual do contrato, IVE excluído.

Faise constar que se seguiu o procedemento marcado no prego para á imposición de dita penalidade, con audiencia previa ao contratista, correspondendo a súa imposición ao Concello Pleno, por ser o órgano de contratación neste procedemento.

En canto á contía exacta á que ascende esta penalidade, ao estar o prezo do contrato fixado nun prezo/hora (nas distintas modalidades de dependencia e libre concorrência), cun máximo anual; debe acharse precisamente en relación ao prezo máximo que o contrato pode acadar nunha anualidade determinada, excluído o IVE.

De acordo cos pregos e co acordo de adxudicación, o contrato pode acadar anualmente, IVE excluído, a contía de 2.822.000,00 €, polo que a penalidade ascende ao importe de 42.330,00 €.

En aplicación do informe da Xefa do Servizo Sociocomunitario de data 28 de abril, en relación ao art. 194.2 LCSP, esta penalidade farase efectiva mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento mensual, se abonen a OHL SERVICIOS INGESAN S.A.U. pola prestación do servizo.

O acordo de imposición da penalidade será inmediatamente executivo.

Por todo o anterior e en virtude do art. 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, este Xefe do Servizo de Contratación eleva á Alcaldía-Presidencia, para que someta a debate e votación do Concello Pleno, como órgano de contratación e previo ditame da Xunta de Portavoces, a seguinte



## PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Impoñer a OHL SERVICIOS INGESAN S.A.U., con CIF A27178789, unha penalidade do 1,5% do prezo anual do contrato, IVE excluído (42.330,00 €), por incumprimento grave das súas obrigas contractuais, durante a execución do contrato denominado “Servizo de Axuda no Fogar”, nos termos apuntados pola Xefa do Servizo Sociocomunitario no seu informe de data 28 de abril, transcrito nos antecedentes desta proposta.

Esta penalidade farase efectiva mediante a dedución das cantidades sobre a seguinte factura (ou sobre as seguintes facturas, de non ser suficiente unha soa factura), que se abonen á empresa contratista pola prestación do servizo.

SEGUNDO: Dar conta deste acordo aos Servizos Económicos do Concello, aos efectos oportunos.

TERCERO: Notificar o presente acordo ao interesado.”

Visto este informe, e visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións dos portavoces do PP e BNG; e os votos favorables de TEGA -2- e PSdeG-PSOE) da Xunta de Portavoces do 23 de maio de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do seguinte

## ACORDO

PRIMEIRO: Impoñer a OHL SERVICIOS INGESAN S.A.U., con CIF A27178789, unha penalidade do 1,5% do prezo anual do contrato, IVE excluído (42.330,00 €), por incumprimento grave das súas obrigas contractuais, durante a execución do contrato denominado “Servizo de Axuda no Fogar”, nos termos apuntados pola Xefa do Servizo Sociocomunitario no seu informe de data 28 de abril, transcrito nos antecedentes desta proposta.

Esta penalidade farase efectiva mediante a dedución das cantidades sobre a seguinte factura (ou sobre as seguintes facturas, de non ser suficiente unha soa factura), que se abonen á empresa contratista pola prestación do servizo.

SEGUNDO: Dar conta deste acordo aos Servizos Económicos do Concello, aos efectos oportunos.

TERCERO: Notificar o presente acordo ao interesado.

## DEBATE

-Sra. Ledo Díaz: ben. Despois de analízalo imos a votar a favor desta proposta. Sabemos que é un último recurso, pero a situación complicada do servizo de axuda no fogar ten que ter tamén algún tipo de resposta. Nos consta que houbo reunións coa empresa, e con persoas afectadas porque así nolo informaron de diferentes puntos. Teño que dicir que ás veces é complicado, teñen información directamente pero traballando si que tés esa información, no. Entón nós cremos que é importante como xa o vimos decindo e xa o pedimos no seu momento no, que se tratara como un punto e aparte na comisión de Igualdade e de Servizos Sociais e nos dixeron que ía vir a xefa do Servizo Sociocomunitario e nese caso non chegou pero Kati nos dixo que podía vir e cun informe que bueno, era pequeno, era unha carilla e á vista está que non se solventaron

os problemas e as persoas traballadoras están en situación moi precarias e as persoas que teñen ese servizo que lles afecta moito. Creo que este é un paso e ides cambiar, polo que se nos dixo na Xunta de Portavoces, bueno, se vai a facer unha licitación nova e cremos que por compromiso e por seriedade é o que nos toca facer e por eso facemos propostas e por eso damos ideas aínda que nos digan que temos oportunismo. Igual por eso non nos responden ata 2 días antes no Pleno que vai ir unha partida pequena para pictogramas pero estamos aquí para facer unha oposición seria porque no Bloque Nacionalista Galego somos xente seria.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas de novo.

Referente a este asunto, nós xa hai tempo que viñamos advertindo que o servizo non cumpría, que non se estaban facendo os traballos acordados con cada usuario, e o vimos advertindo dende o ano 2020, 2021 e ademais presentabamos unha moción en xanerio deste ano onde lles solicitabamos que fixeran un control para que a empresa cumprira co que estaba previsto no contrato e no Prego de contratación que se fixera. Sorpresa que agora votan en contra, que todo estaba perfecto e que todo funcionaba e que agora aparece este expediente.

A verdade é que nos sorprende porque eu creo que un expediente deste tipo cos problemas que están tendo neste servizo dende hai tanto tempo, creo que como mínimo, se vostedes queren que haxa colaboración pola parte da oposición como ben di, nós non somos quen diriximos as comisións, nin quen diriximos os expedientes. Son vostedes que son quen gobernan e creo que vostedes queren que o faigamos dende a oposición.

O que sería neste correcto e que debería de facer vostede era convocar aos portavoces para explicarnos que había un expediente aberto a esta empresa e cales ían a ser as decisións que ían a tomar. Creo que eso sería o correcto, se queren que haxa unha colaboración e un consenso, sobre todo, un servizo tan necesario e tan extraordinario, á vez, para as familias que están que o reciben, pero vostedes vemos que lles gusta que lles contemos pero non lles gusta ser receptivos con nós ao sentido de, convocarnos e facer unha xuntanza para ver que pode saír de aí porque seguro que nós temos moitas propostas para ofrecerlles e polo que vemos van pechar un expediente que o único que fan é reterlle é empresa 42000 euros. Porque non aparece ningún compromiso real dun seguimento por parte do concello dunhas persoas concretas e a súa vez da empresa, e que acordos se tomaron, que cal é o que se vai facer e que se vai seguir porque esto dentro de 1 mes seguiremos na mesma situación. Eso é unha falta porque se fixeran como lles dixen, nós propoñeríamos cousas para eso. Agora o que non podemos chegar a unha reunión de portavoces e dicir que pensades cando vostedes teñen o expediente pechado. Faigao antes. E nós propoñeremos cousas e lles axudaremos a solucionar un problema porque si que é un problema grave. E que vostedes non o queren ver, levan moito tempo sen querelo ver. E balóns fóra. No, é responsabilidade de vostedes que esto funcione. E por suposto da empresa.

Pero posiblemente neste caso, haiba que axudarse mutuamente e entenderse mutuamente para poder solventar esta problemática que teñen os usuarios deste servizo. E a realidade que vemos é que vostedes non teñen interese, non teñen interese en facelo porque a nos chéganos este documento xa pechado e vimos advertindo dende hai anos, e últimamente máis insistentes porque a verdade é que houbo moitas reclamacións. E vostedes puxéronse a traballar porque dende a Xunta tamén deberon advertilos. Porque a verdade, sei porque me consta, houbo moitos destes usuarios que reclamaron ao concello, tamén reclamaron á Xunta, vostede sábeo; pois entonces se quere ter consenso, que estamos en época de consenso fale coa oposición tamén antes de pechar o



expediente e agora quere que votemos a favor, home por favor. Por favor. De verdade que é lamentable como están tratando estes asuntos. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: realmente si que me gustaría que o goberno falase neste punto e neste Pleno. Sei que todo o mundo é libre pero a verdade é que vimos aos plenos onde ao final hai un debate, ao final hai que reducilos ao menos tempo posible e a verdade estamos aquí defendendo ao pobo de Narón que creo que non é pouco. Non estamos aquí defendendo un posto de traballo. Estamos defendendo o pobo de Narón, no. Eu creo que aquí a culpa hai que repartila, non creo que se poda tirar só a un e agora xa porque estaba escoitando a Germán, entón teño que decilo, que hai que avogar por unha lei de residencias como está presentando o Bloque Nacionalista Galego no Parlamento, onde se aposta por un modelo público que garanta o dereito a unha vellez digna. Eu creo que un dos problemas que hai en Narón é a cantidade de empresas que xestionan servizos que son necesarios que igual se podían facer de maneira directa ata cando os bombeiros reclamaron e eu me acordo de escoitar a Pablo Mauriz, vamos a pedirlle a unha empresa que estude como ampliar o Parque de Bombeiros pero si temos persoas, arquitectos, apareladores, perfectamente preparados/as para facer eso, por que todo se ten que derivar a unha empresa externa? e a mellor opción , claro que si, dentro desa lei de residencias é despregar unha batería de medidas que permita ás persoas maiores con diversidade funcional poder vivir unha vellez digna porque somos tan dignos cando nacemos como cando morremos e vimos situacións moi graves neste país como o que aconteceu nas residencias durante a pandemia e como xestionou a Xunta de Galicia. Eu fago aquí unha pregunta. Porque houbo xente que se deixou morrer alí, eh. Eu fago unha pregunta: pasaría o mesmo se eso pasara con nenos? Porque ao final parece que temos diferentes “pedigrís” dependendo .. que tal. Claro que é necesario e eu sei que cando non é unha medida que vai a solucionar un problema pero si que hai que dalo cando unha empresa non cumpre. Eu creo que incluso chega tarde. Que habería que quitarlles o contrato antes por incumplimento.

Pero bueno, esa é a opción, pero aquí as culpas teñen que ser compartidas porque os concellos ao final xestionan unha serie de servizos que a Xunta de Galicia podería tamén colaborar moito máis.

-Sr.Castrillón Permuy: me sorprende que co equipo de goberno teñamos que debatir os 2 grupos da oposición, é sorprendente. Olaia, pero non vou debatir contigo, síntoo moito, eh. Porque eu creo que o servizo é competencia do concello. A Xunta ten responsabilidade de mandar diñeiro, e a Xunta ten responsabilidade de facer un seguimento e a Xunta ten responsabilidade nesas cousas, pero o servizo é competencia municipal. Como o goberno de España tamén é responsable de mandar o outro 50% da parte que non manda, que falta un 33%, está subindo a pouquiños. Falta o 33%.

De verdade, que esto pasámolo así, e o grupo de goberno trae un expediente ao Pleno, e non nos di nin nos conta máis que o que está no papel, non, nin unha defensa nin da persoa que é responsable dos servizos sociais ou deste servizo en particular no concello. É sorprendente, eu cada día me sorprendo máis. Cada día me sorprendo máis, que aquí os únicos que veñen ao Pleno a facer propostas, en positivo moitas delas. E outras en negativo porque vostedes non fan as cousas como as deben facer, por eso as temos que criticar e por eso estamos na oposición, e neste documento que queren vostedes aprobar



que nós por responsabilidade ímonos abster porque entendemos que pouco van a solucionar ou nada porque aquí había que dar un compromiso entre a empresa e o concello para solventar a problemática que hai de traballadoras, de horas e doutras cousiñas. Que vostedes o saben. E non creo que sexa a oposición se non lle presentan un documento aberto, como din vostedes, dos orzamentos para que se poidan recoller esas propostas antes de traer ao Pleno. Con este servizo que levamos tempo con dificultades e que según vostede acaba de anunciar que a empresa xa non vai a querer renovar. Pois é preocupante. E eu no caso de vostede estaría moi preocupado. Pero vexo que a sensación é que pasan de todo. Pois non pasen, eh. Que este é un servizo moi necesario e que moitas familias que teñen un déficit moi importante e que ademais teñen unha lista de espera moi longa. Hai que solventar esa lista de espera, entón hai que buscar alternativas que as pode haber. Pero hai que pensar e hai que estudialas. O noso voto vai ser abstención. Nada máis e moitas grazas.

-Sra. García Blanco: si. Realmente non tiña intención de intervir porque entendín que as intervencións eran referidas á Xunta de Portavoces da que eu non formo parte e como todas e todo o que se dixo máis ou menos era referido a eso, por eso non interviña. En todo caso, é o seguinte paso como ben dixo agora o BNG e se fixeron 2 requerimentos, a empresa, un primeiro como unha advertencia, o segundo xa máis severo para que cumprira coas súas obrigas e este é o terceiro paso que é poñer unha sanción económica por incumprimento das obrigas que ten coas persoas e coas familias.

Atendemos a diario efectivamente, moitas queixas, nunca o negamos neste Pleno. Se revisas as actas, como mínimo a concelleira de área non lle negou nunca a ningún grupo deste concello que non había problemas no servizo de axuda no fogar, ao contrario, é máis, pedín públicamente disculpas no Pleno, a todas as familias dos usuarios e usuarias por non ter un mellor servizo no Concello de Narón e eso ten que estar recollido nas actas dos Plenos anteriores que se fixeron no Concello de Narón.

E logo dicir, tivemos algunha xuntanza co propio portavoz do Partido Popular a xefa do Servizo Sociocomunitario e eu mesma onde abordamos este tema e onde falamos incluso de si tiñan proposta que estabamos dispostos e que falabamos, que é o que está decindo vostede de ter propostas de cómo solucionar, se vostedes teñen a chave, a variña máxica para solucionalo. Estivemos máis de 2 horas reunidos coa xefa do Servizo Sociocomunitario, ás veces, eu entendo que non crean na miña palabra tivemos esa xuntanza para ver si explicándollo o servizo técnico, así comprendía a situación que estabamos a vivir e os pasos que levabamos dados nestes anos para solventar os problemas que hai co servizo de Axuda no Fogar. Estamos agora cunha nova contratación, para facer unha nova contratación e esperemos que veña unha empresa que de verdade dea un mellor servizo que esta. Porque teño que decilo que tristemente a organización deixa moito que desexar na empresa que está agora mesmo levando adiante o contrato. Pero foi a que gañou en todo caso.

Pola miña parte nada máis, dicir que non é que non se atenda á oposición e que non se escoite á oposición. Estamos abertos a sentarnos e o dixen varias veces tamén, con vostedes a escoitar, a espoñer en común e se alguén ten a solución e a variña máxica para solucionalo doutro xeito do que se está a facer estamos abertos a facelo.

Por outro lado, nas intervencións din que dende o goberno non estamos dispostos a sentarnos, a falar e a telos en conta, eu o dixen sempre e o sigo decindo, a calquera hora cando faga falta, me sento, co servizo técnico ou oposición e o poñemos enriba da mesa, non hai problema ningún. Porque o que máis importa, é sacar ese servizo o máis dignamente posible. Porque non fai falta ser maior sequera, para ter o servizo de Axuda no Fogar.





Calquera persoa somos susceptibles de ter que ser usuarios dese servizo e polo tanto, non fai falta ser usuario para ter a empatía suficiente coas familias e cos propios usuarios. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: por alusións, Sra.alcaldesa. Por alusións, porque creo que isto non procede.

Entonces mire, Sra.concelleira, nós estivemos reunidos pero estabamos reunidos por outro tema moi distinto, non por este expediente, e vostede me di que lle propoñemos cousas cando ten o expediente pechado. Eso é sorprendente. Cando temos o expediente pechado. Nós lle dixemos varias ideas, e ademais llas trouxemos por escrito e as presentamos neste Pleno. E votaron en contra. Porque había que facer un control, un control, e non o estaban facendo. E non queira disculpar e botar a culpa aos técnicos, que os técnicos seguramente que están facendo todo o que poden pero se vostedes non lles dan máis material, máis ferramentas, non o poden facer.

Cos 167.000 euros que viñeron de Diputación, que fixeron vostedes? Metéronnos na bolsa de Axuda no Fogar. Cando nos lles propuñemos que fixeran outra cousa. Unha parte dese diñeiro que utilizaran para “x” servizos. É moi fácil. Dealle esa posibilidade ao técnico e verá como soluciona a papeleta. Dealle a posibilidade esa. Que vai a facer cos 42.000 euros.

-Sra.alcaldesa: espere un momento. Era por alusións. Dixo por alusións. Agora mesmo vostede está facendo outra intervención.

Hai unha cousa: vostede trata de dicir... sistemáticamente, repite e repite e cré que con eso se vai a facer realidade, é dicir, o Concello de Narón vela porque todos os contratos están escrupulosamente vixiados, controlados, e neste consta, xa llo explicamos moitísimas veces, todas as xestións que se estiveron facendo, todas as reunións, é dicir, a vostede cando se lle di é que me da a sensación que pasamos de todo, non lle vou a dicir as sensacións que me dá vostede a min. Evidentemente son sensacións. Eu pode demostrar neste caso, con datas, fechas onde nos reunimos, onde me consta que dende o Servizo Sociocomunitario, a concelleira e esta persoa que está falando mesma, tivemos varias reunións para tratar de solucionar este tema. Isto nos leva a que hoxe temos que establecer esta penalidade.

Evidentemente sabemos que non vai a ser a solución. Pero cando unha empresa fai uns incumprimentos graves como é neste caso, administrativamente temos que actuar e non podemos mirar para outro lado. E é o que estamos facendo, esta responsabilidade. Porque vostede moito agora di pero agora mesmo cando ten a oportunidade de votar a favor que total, é igual non o faga, non o fai, sabe.

Enton repite, hai que controlar, hai que facer....que di? Nada. E dicir, eso xa se está facendo. E consta. Non é algo que digamos, é unha vontade política, non é unha vontade política, agora mesmo establecer esta penalidade. Evidentemente fan uns incumprimentos que están taxados e se mete este 1,5%. Que vai a ser a solución? No. Pero estamos tratando de que así sexa. E que a empresa renuncie ou no é vontade dela. E se nosoutros imos a sacar outro contrato como en calquera outro tipo de licitación, evidentemente porque non nos imos a quedar parados nin paradas.

Non fai falta que o diga. Créanme que día a día traballamos para ter un Narón mellor e traballamos neste caso tamén para que todas as persoas e neste caso maiores, e como

decía Kati que non o sexa, pero é que vostede o dudaba, o poñía.... é dicir, por unhas veces di que o facemos e outras no. LLo digo eu e llo podo demostrar. Pasamos a votar a proposta.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: Abstencións 5

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

**10 °.- PROPOSTA DE ACORDOS RELATIVOS Á EMPRESA MIXTA DE MEDIO AMBIENTE COSMA, S.A.**.

-Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Concello Pleno de Narón acordou en sesión de data 22 de febreiro de 2002, a constitución dunha empresa mixta de xestión integral do medio ambiente neste termo municipal, na que o Consistorio contaría cunha participación do 51 % do accionariado, e a entidade AQUALIA, SA. cun 49 % do capital social.

Así mesmo na devandita sesión prestouse aprobación ós Estatutos que haberían de rexer a vida societaria da entidade a crear.

O artigo 14 dos Estatutos sociais, dispón que nas Xuntas Xerais, a representación orgánica do Concello de Narón, corresponde ó Pleno da Corporación municipal, así como que a vontade do socio público será única e decidida previamente conforme ás regras que regulamentan a adopción de acordos polo Pleno municipal, ostentando a representación deste na Xunta Xeral, o alcalde ou Primeiro Teniente alcalde ou Corporativo designado polo Pleno ó efecto en cada ocasión.

Pola súa banda e, en virtude da previsión contida no prego de cláusulas que rexeron o concurso, para adxudicar, mediante procedemento aberto, a participación na xestión integral do medio ambiente dentro do término municipal de Narón, mediante a integración, por merca de accións, nunha sociedade anónima de economía mixta, que o xestionaría e prestaría; así como das contidas nos propios estatutos sociais da empresa (*artigo 20. Parágrafo terceiro: A metade mais un dos vocais, tal e como se expresou co anterioridade, serán nomeados polo socio privado. Durante os últimos cinco anos de vixencia do contrato, de acordo co previsto no artigo 106 do Regulamento de Servicios das Corporacións Locais, corresponderá ao Concello o nomeamento da maioría dos membros do Consello de Administración/ Artigo 11: Corresponderá á Xunta Xeral... Designar aos vocais do Consello de Administración, a proposta do Concello de Narón e do accionista ou accionistas privados / e Artigo 19: Os conselleiros exercerán os seus cargos por un período de catro anos, podendo ser reelixidos unha ou máis veces por períodos de igual duración*) procede nestes intres o nomeamento dun novo conselleiro a proposta do socio público, en lugar dun dos conselleiros designados polo socio privado, que cesará; e a renovación dun vocal do Consello, a proposta do accionista privado.

Visto o ditame favorable por maioría (coa abstención do portavoz do PP; e os votos favorables dos de TEGA -2-, PSdeG-PSOE e BNG) da Xunta de Portavoces do 23 de maio de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do seguinte

**PRIMEIRO.**- Conferir á Sra. alcaldesa-presidenta a representación do Concello de Narón na vindeira Xunta Xeral de Accionistas da COMPAÑÍA DE SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DO ATLÁNTICO S.A., na que se procederá ao exercizo das seguintes atribucións:

1º.- Cese dun vocal conselleiro da mercantil, en virtude da previsión recollida no parágrafo terceiro do artigo 20 dos estatutos sociais.



2º.- Designación, a proposta do accionista público, de D. Pablo Mauriz Romero, como vocal do Consello de Administración da mercantil.

3º.- Renovación dun vocal do Consello de Administración, a proposta do accionista privado.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: Abstencións 5

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

**11 º.- DAR CONTA DOS INFORMES DE CUMPRIMENTO DO PAGO DE OBRIGAS (MOROSIDADE) E DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES DO 1º TRIMESTRE DE 2022 DO CONCELLO, PADROADO DE CULTURA E COSMA..** -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: **A/ INFORME DE TESOURERÍA**

<b>ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade)</b> <b>PERIODO: PRIMEIRO TRIMESTRE 2022</b>
---

## **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lei 4/2013, de 22 de febreiro, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

## **INFORME**

**PRIMEIRO.-** O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítese con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada.

**SEGUNDO.-** Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto na Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004, quedando fora, polo tanto, as operacións que non están baseadas nunha relación comercial, tales como as que son consecuencia dunha relación estatutaria ou laboral, ou as que son consecuencia da potestade expropiatoria, igualmente están excluídas as que se producen entre distintas entidades do sector público.

Se incluírán todas as facturas pagadas ou pendentes de pago en cada trimestre, independentemente da súa data de expedición, a diferenza das facturas incluídas para o cálculo do período medio de pago que solo se ten en conta as facturas expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación , a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

O artigo 4 da Lei 3/2004, na súa actual redacción dada pola Lei 11/2013, de 26 de xullo, de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo de crecemento e da creación de emprego, establece:

“1. El plazo de pago que debe cumplir el deudor, si no hubiera fijado fecha o plazo de pago en el contrato, será de treinta días naturales después de la fecha de recepción de las mercancías o prestación de los servicios.....

2. Si legalmente o en el contrato se ha dispuesto un procedimiento de aceptación o de comprobación mediante el cual deba verificarse la conformidad de los bienes o los servicios con lo dispuesto en el contrato, su duración no podrá exceder de treinta días naturales a contar desde la fecha de recepción de los bienes o de la prestación de los servicios....

3. Los plazos de pago indicados en los apartados anteriores podrán ser ampliados mediante pacto de las partes sin que, en ningún caso, se pueda asociar un plazo superior a 60 días naturales....”

Igualmente a Lei 11/2013 modifica o artigo 216.4 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, sinalando:

“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados.....la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación”

Ademais a Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, modifica no seu artigo primeiro a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financieira, añadiendo unha disposición adicional quinta nos seguintes termos:

“Plazo de pago a provedores.

Las referencias en esta Ley al plazo máximo que fija la normativa sobre morosidad para el pago a proveedores se entenderán hechas al plazo que en cada momento establezca la mencionada normativa vigente y que, en el momento de entrada en vigor de esta Ley, es de treinta días”.

En definitiva o inicio do periodo de cómputo, tanto das operacións pagadas como as pendentes, fíxase dende a recepción da factura, e o cómputo dos días para calcular o periodo medio de pago iníciase aos trinta días posteriores a esa data,data que ven dada polo rexistro contable da mesma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, funcións ambas que son desenroladas pola Intervención municipal, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

**1º) Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre (1º trimestre. Data ref. 31/03/2022)**

**O período medio do pendente de pago (PMPP) a 31.03.2022 atópase en 48,93 días.**



# CONCELLO DE NARÓN

FOLIO \_\_\_\_\_

Ó remate deste período, o número total de facturas pendentes de pago é de 1345 por importe de 2.697.653,55 €, das cales, o 47,51 % están dentro do período legal de pago, porcentaxe que se sitúa no 81,08 % se a análise se realiza sobre os importes.

Clasif. por capítulos	FACTURAS PTES DE PAGO ao final do 1º TRIM. (ata o 31/03/2022)							
	Dentro do período legal de pago				Fóra do período legal de pago			
	Nº operacións e %	Importe total e %		Nº operacións e %	Importe total e %			
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	210		1.139.412,63 €		6		29.431,46 €	
Investimentos reais (cap. 6)	21		322.576,49 €		2		63.416,33 €	
Otros pagos por oper comerc	2		5.231,25 €		0		- €	
Pendientes de aplicar a presuposto	406		720.123,17 €		698		417.462,22 €	
<b>Total</b>	<b>639</b>	<b>47,51%</b>	<b>2.187.343,54 €</b>	<b>81,08%</b>	<b>706</b>	<b>52,49%</b>	<b>510.310,01 €</b>	<b>18,92%</b>

Das 1345 facturas rexistradas ata 31 de marzo de 2022, importe total 2.697.653,55 € a 31 de marzo de 2022 existen:

- 639 obrigas por importe total de 2.187.434,54 euros están pendentes de pago a data 31.03.2022, dentro do prazo legal de pago ao final do trimestre.
- 706 obrigas pendentes de pago por importe total de 510.310,01 euros a data 31.03.2022 incumpren o prazo legal de pago dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable

**2º) Pagos realizados no trimestre (Entre 01/01/2022 e 31/03/2022):**

**Neste trimestre o período medio de pago (PMP) foi de 43,77 días.**

Ó remate deste período, o número total de pagos realizados foi de 1953, por importe total de 3.380.984,05 €, dos que o 48,64% foron realizados dentro do período legal de pago, porcentaxe que aumenta a 90,31 % se o análise se realiza sobre os importes.

PAGOS REALIZADOS no 1º TRIM (Entre 01/01/2022 e 31/03/2022)							
Clasif. por capítulos	Dentro do período legal pago				Fora do período legal pago		
	Nº operacións	Importe total		Nº operacións	Importe total		
Gastos Bens Correntes e Serv. (cap. 2)	914	2.246.238,86 €		1003	327.721,44 €		
Investimentos reais (cap. 6)	28	794.125,35 €		0	0,00 €		
Otros pagos por oper comerc	8	12.898,40 €		0	0,00 €		
Pendientes de aplicar a presuposto	0	0,00 €		0	0,00 €		
<b>Total</b>	<b>950</b>	<b>48,64%</b>	<b>3.053.262,61 €</b>	<b>90,31%</b>	<b>1003</b>	<b>51,36%</b>	<b>327.721,44 €</b>

Das 1953 facturas rexistradas e que foron pagadas no 1º trimestre de 2022, importe total xeral 3.380.984,05 euros, a 31 de marzo de 2022 existen:

- 950 facturas de importe 3.053.262,61 euros aboadas dentro do prazo legal de pago
- 1003 facturas por importe total de 327.721,44 euros aboadas fóra do prazo legal de pago, dende que foron anotadas no rexistro de facturas da aplicación contable.

O período medio de pago legal do 1º trimestre 2022 atópase en 43,77 días, ten empeorado en 12,91 días respecto ao trimestre anterior (que se situaba en 30,86 días), se sitúa dentro do máximo esixido, e polo tanto, cumpre o período medio de pago en termos legais.

**3º) Intereses demora pagados 1º Trimestre. Data ref. 31/03/2022: IMPORTE 0,00 €.**

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo				Intereses de Demora		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo					
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago		Pagados en el Periodo		Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	Narón	Limitativa	43,77	950	3.053.262,61	1003	327.721,44	0	0,00	48,93	639	2.187.343,54	706	510.310,01



Se procede, por parte da Tesourería Municipal, á incorporación dos datos deste Informe á plataforma habilitada polo Ministerio de Facenda e ponse en coñecemento da Intervención Municipal para a súa sinatura en dita plataforma.

## OBSERVACIÓN

Unha das novas funcións que o Real Decreto 128/2018, 16 de marzo atribúiu á Tesourería é a elaboración dos informes que determine a normativa sobre morosidade relativa ao cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigacións de cada Entidade Local. Ademais e ligado co anterior, este servizo ven realizando as tarefas de confección das ordes de pago e pago material coas súas correspondentes fases contables. Como pode observarse, o PMP en morosidade incrementouse en 12,91 días respecto ao período anterior (4º trimestre). Isto non é mais que unha pequena mostra da situación na que se atopa o servizo nos últimos meses na que se ven arrastrando as baixas de dúas funcionarias e que son de longa duración.

Pois ben, o incremento de funcións dos postos de habilitación nacional con ocasión do Real Decreto 128/2018 non veu acompañada dunha maior dotación de persoal para o seu exercizo, o que unido á por sí escasa dotación que tiñan, a cal se viu mermada nun 50% nestes últimos meses cuestión que non resulta directamente reversible pola cobertura interina dun dos postos ante a falta de formación específica, fai que non se podan atender axeitadamente as funcións que a normativa vixente atribúe a este posto, tendo en conta o volume de traballo existente e a transversalidade, polo que se aproveita a ocasión para reiterar a solicitude de dotación de maiores medios persoais, e a cobertura das prazas que se atopan vacantes no Concello (como é o caso da xefatura de sección de tesourería-recadación), e elo por canto sen medios persoais resulta de todo imposible atender aos servizos e ás funcións que a normativa vixente atribúe aos postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

## B/ INFORME DE TESOURERÍA

**ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES (PMP)**  
**PERIODO: PRIMEIRO TRIMESTRE 2022**

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu período medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).

O período medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co período legal de pago establecidos na Lei de Contratos do Sector Público a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Mediante a modificación introducida polo RD 1040/2017, aclárase a diferenza entre o concepto do período medio de pago a provedores ao que se refire a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, e o prazo máximo de pago a provedores que se establece na normativa en materia de morosidade regulado na Lei 3/2004, de 29 de decembro. O primeiro é o intervalo temporal no que cada administración debedora debe facer fronte ás débedas cos seus provedores, computado como prazo medio, cuxo incumprimento da lugar á adopción das medidas previstas na citada lei orgánica para o aseguramento de parte do pago, e que non modifica as circunstancias de ningunha obriga individual. Polo contrario, o segundo constitúe un intervalo de tempo suxeito a precisas regras de cálculo establecidas na Lei 3/2004, para o pago das operacións comerciais, cuxo

incumplimento provoca a deivindicación automática de xuros da débeda impagada dende o transcurso do prazo de pago aplicable. O prazo máximo de pago a provedores continúa estando en 30 días.

Trala modificación introducida polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, o artigo 5.2 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo prevé que: “2.(....) *Se entenderá por número de días de pago, los días naturales transcurridos desde:*

*a) La fecha de aprobación de las certificaciones de obra hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.*

*b) La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración.*

*c) La fecha de entrada en el registro administrativo, según conste en el registro contable de facturas o sistema equivalente, hasta la fecha de pago material por parte de la Administración, en los supuestos en los que o bien no resulte de aplicación un procedimiento de aceptación o comprobación de los bienes o servicios prestados o bien la factura se reciba con posterioridad a la aprobación de la conformidad. (...)*”

Asemade, a “Guía para la cumplimentación de la aplicación y el cálculo del periodo de pago de las EELL. Real Decreto 1040/2017, de 22 de diciembre, por el que se modifica el Real Decreto 635/2014, de 25 de julio” publicada polo Ministerio de Hacienda y Función Pública en febreiro de 2018 no seu apartado 2.1 “CÁLCULO RATIO DE LAS OPERACIONES PAGADAS” determina que:

*“La “Ratio de las operaciones pagadas” en el trimestre, es el indicador del número de días de promedio que se ha tardado en realizar los pagos.*

*El “Número de días de pago”: La fecha de aprobación de los documentos que acrediten la conformidad con los bienes entregados o los servicios prestados hasta la fecha de pago material por parte de la Administración. En los supuestos en que no exista constancia del acto de conformidad, se tomará la fecha de recepción de la factura en registro administrativo o sistema equivalente. (...)*

*En el caso de certificaciones de obra, el cómputo se inicia desde la fecha de aprobación. (...)*”

Como consecuencia das modificacións introducidas polo RD 1040/2017, Sicalwin adaptou no seu día a forma de cálculo da data de inicio do cómputo do Periodo medio de pago das facturas. Ata a data de entrada en vigor do RD 1040/2017, para obter a data de inicio de cómputo sumábanse 30 días á data de rexistro de entrada de facturas. Desde a entrada en vigor deste RD pódese realizar desde a conformidade da factura, e en defecto dese dato, desde o recoñecemento de obrigación.

Dende o 1 de xullo de 2019, púxose en marcha o sistema de conformidade electrónica das facturas no propio módulo de contabilidade ( utilidade Firmadoc ), polo que dende esa data, o cómputo do PMP realízase dende a data de conformidade da facturas e non dende a de recoñecemento da obrigación tal e como sucedeu nos trimestres anteriores. En todo caso, debe terse en conta que a configuración técnica da utilidade Firmadoc implicou a imposibilidade material de realizar dita conformidade electrónica de maneira inmediata, isto é, dende o 1 de xullo.

TERCEIRO.- O artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que: “4. *La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.*





*En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”*

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para la Financiación dos pagos a provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a provedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo que considera a data de conformidade das facturas tendo en conta os datos contidos a día de hoxe no aplicativo contable Sicalwin referidos ao 1º trimestre, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón, esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

En días				
Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas	Ratio de Operaciones Pendientes de Pago	Periodo Medio de Pago Trimestral
11-15-054-AA-000	Narón	22,53	15,62	20,42
11-15-054-AV-001	P. Cultura	1,13	0	1,13

En días	
Periodo Medio de Pago Global a Proveedores Trimestral	
Narón	19,12

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

#### **OBSERVACIÓN**

Unha das novas funcións que o Real Decreto 128/2018, 16 de marzo atribuíu á Tesourería é a elaboración dos informes que determine a normativa sobre morosidade relativa ao cumprimento dos prazos previstos legalmente para o pago das obrigacións de cada Entidade Local. Ademais e ligado co anterior, este servizo ven realizando as tarefas de confección das ordes de pago e pago material coas súas correspondentes fases contables. Como pode observarse, o PMP en morosidade incrementouse en 12,91 días respecto ao periodo anterior (4º trimestre). Isto non é máis que unha pequena mostra da situación na que se atopa o servizo nos últimos meses na que se ven arrastrando as baixas de dúas funcionarias e que son de longa duración.

Pois ben, o incremento de funcións dos postos de habilitación nacional con ocasión do Real Decreto 128/2018 non veu acompañada dunha maior dotación de persoal para o seu exercizo, o que unido á por sí escasa dotación que tiñan, a cal se viu mermada nun 50% nestes últimos meses cuestión que non resulta directamente reversible pola cobertura interina dun dos postos ante a falta de formación específica, fai que non se podan atender axeitadamente as funcións que a normativa vixente atribúe a este posto, tendo en conta o volume de traballo existente e a transversalidade, polo que se aproveita a ocasión para reiterar a solicitude de dotación de maiores medios persoais, e a cobertura das prazas que se atopan vacantes no Concello (como é o caso da xefatura de sección de tesourería-recadación), e elo por canto sen medios persoais resulta de todo imposible atender aos servizos e ás funcións que a normativa vixente atribúe aos postos reservados a funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

C/

#### **INFORME DA INTERVENCION DELEGADA**

<b>ASUNTO: CUMPRIMENTO DO PRAZO DE PAGO DE OBRIGAS (Informe de morosidade) PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON</b> <b>PERIODO: PRIMER TRIMESTRE 2022</b>
--

#### **NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loira contra a morosidade nas operacións comerciais.
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

#### **INFORME**



PRIMEIRO.- O presente informe sobre o cumprimento dos prazos de pago emítase con carácter trimestral e con arreglo ó disposto na normativa anteriormente citada; a súa forma de cálculo é distinta da establecida no RD 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenrola a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e cuxa emisión é de carácter trimestral.

SEGUNDO.- Forman parte do presente todos os pagos comerciais entre empresas e esta Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica de gastos do orzamento), de conformidade co disposto no RDL 3/2011 e Lei 9/2017 así como o disposto no artigo 3.1 Da Lei 3/2004.

TERCEIRO.- Dacordo co disposto na normativa de aplicación, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma.

CUARTO.- Atendendo ós datos suministrados pola contabilidade municipal e ao módulo de rexistro de facturas, e de conformidade coa normativa aludida, en cumprimento do establecido no artigo 4.3 e 10 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público, a Tesourería municipal emite o seguinte informe:

Código de Entidad	Entidad	Tipo de Contabilidad	Pagos realizados en el periodo				Intereses de Demora		Facturas o Documentos Justificativos Pendientes de Pago al Final del Periodo					
			Periodo Medio Pago (PMP) (días)	Pagos Dentro Periodo Legal Pago		Pagos Fuera Periodo Legal Pago		Pagados en el Periodo		Periodo Medio Pago Pendiente (PMPP) (días)	Dentro Periodo Legal Pago al Final del Periodo		Fuera Periodo Legal Pago al Final del Periodo	
				Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total	Número de Pagos	Importe Total Intereses		Número de Operaciones	Importe Total	Número de Operaciones	Importe Total
11-15-054-AA-000	P. Cultura	Limitativa	4,25	74	350.857,59	0	0,00 €	0	0,00 €	3,50	22	135.598,35	0	0,00 €

Acompáñase como anexo o detalle da información que foi volcada na OVEL.

O que se informa ós efectos da súa remisión ó Pleno do Concello de Narón, así como se comunica que se procederá ó seu envío telemático a través da Oficina Virtual para a Coordinación coas Entidades Locales, do portal do Ministerio de Hacienda, ós efectos de dar cumprimento co disposto no artigo 4.4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

## D/ INFORME DA INTERVENCION DELEGADA

**ASUNTO: PERIODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES PADROADO DE CULTURA DO CONCELLO DE NARON**  
**PERIODO: PRIMER TRIMESTRE 2022**

PRIMEIRO.- A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria y Sostenibilidade Financiera, introduce o concepto de periodo medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de maneira que todas as Administracións Públicas deberán de facer público o seu periodo medio de pago.

SEGUNDO.- O RD 635/2014, de 25 xullo, (coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro) desenrola a metodoloxía de cálculo do periodo medio de pago a provedores das Administracións Públicas (en adiante PMP).

O periodo medio de pago definido neste Real Decreto mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, e é un indicador distinto e que non hai que confundir co periodo legal de pago establecidos nas Leis de Contratos do Sector Público (vixentes para este periodo) a efectos de morosidade e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Agora ca variación do cómputo do prazo do PMP non pode tomar valores negativos xa que se computa dende o recoñecemento da obriga e antes se computaba dende os 30 días da entrada no rexistro da factura ou data da certificación de obra si fose o caso.

TERCEIRO.- O artigo 216.4 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, establece que:

*“La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación, siempre que no sea manifiestamente abusivo para el acreedor en el sentido del artículo 9 de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales.*

*En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono. “*



Tamén o artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público prevé que:

*“4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.*

*Sin perjuicio de lo establecido en el apartado 4 del artículo 210 y en el apartado 1 del artículo 243, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio.*

*En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente en los términos establecidos en la normativa vigente sobre factura electrónica, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de la correcta presentación de la factura, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.”*

CUARTO.- Computa para o presente cálculo as facturas comerciais entre as empresas e a Administración (capítulos 2 e 6 da clasificación económica do estado de gastos do orzamento), expedidas dende o 1 de xaneiro de 2014 que consten no rexistro contable de facturas ou sistema equivalente e as certificacións mensuais de obra aprobadas a partir da mesma data.

Quedan excluídas as obrigas de pago contraídas entre entidades que teñan a consideración de Administración Pública no ámbito da contabilidade nacional e as obrigas pagadas con cargo ó Fondo para a Financiación dos pagos a provedores. Asemade, quedan excluídas as propostas de pago que foran obxecto de retención como consecuencia de embargos, mandamentos de execución, procedementos administrativos de compensación ou actos análogos dictados por órganos xudiciais e administrativos.

QUINTO.- Dacordo co disposto no artigo 6.2 da citada norma, as corporacións locais remitirán ao Ministerio de Facenda e AAPP e publicarán periódicamente a información relativa ó seu PMP a provedores referido ó trimestre anterior antes do día trinta de cada mes nos portales web das Entidades Públicas seguindo criterios homoxéneos que permitan garantir a accesibilidade e transparencia das mesmas, para o que o Ministerio de Facenda facilitou un modelo tipo de publicación a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locales.

SEXTO.- En aplicación da metodoloxía de cálculo establecida no art. 5 do citado Real Decreto sobre os datos contidos a día de hoxe, no aplicativo contable Sicalwin e referidos ó período do encabezamento, e considerando a necesidade de incluír asemade os datos das entidades dependentes do Concello de Narón, esto é, o Padroado de Cultura, esta Tesourería informa que resultan os seguintes ratios:

						En días
--	--	--	--	--	--	---------

Código de Entidad	Entidad	Ratio de Operaciones Pagadas (Días)	Importe Pagos realizados (euros)	Ratio de Operaciones Pendientes (Días)	Importe Pagos Pendientes (Días)	Periodo Medio de Pago (Días)
11-15-054-AV-001	P. Cultura	1,13	350.857,59	0	0	1,13

O cal se informa ós efectos do seu envío telemático pola Intervención municipal a través da OVEL do portal do Ministerio de Facenda, plataforma autoriza, mediante sinatura electrónica, ós efectos de dar cumprimento ó disposto no artigo 6 do RD 635/2014, de 25 de xullo.

**E/ COSMA**

**CÁLCULO PMP A FECHA 31/03/2022**

Pagos realizados en el trimestre	Periodo medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el trimestre				
		Dentro periodo legal pago		Fuera periodo legal pago		
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total	
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación						
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible						
Sin disgregar	59,54		136	631.911,80	53	225.924,75
<b>Total</b>	<b>59,54</b>		<b>136</b>	<b>631.911,80</b>	<b>53</b>	<b>225.924,75</b>

Facturas o documentos	Periodo	Pendientes pago al final del trimestre
-----------------------	---------	--



justificativos pendientes de pago a final del trimestre	medio del pendiente pago (PMPP) (días)		Dentro periodo legal pago al final del trimestre		Fuera periodo legal pago al final del trimestre	
			Número de operaciones	Importe total	Número de operaciones	Importe total
Aprovisionamiento y otros gastos de explotación						
Adquisiciones de inmovilizado material e intangible						
Sin desgargar	42,64		79	552.403,11	3	47.029,72
<b>Total</b>	<b>42,64</b>		<b>79</b>	<b>552.403,11</b>	<b>3</b>	<b>47.029,72</b>

O Concello Pleno, deuse por enterado.

**12 °.- DAR CONTA DA INFORMACIÓN REMITIDA AO "MINISTERIO DE HACIENDA Y FUNCIÓN PÚBLICA" EN CUMPRIMENTO DO QUE SE ESTABLECE NO ARTIGO 16 DA ORDE HAP/2105/2012..** – Dase conta do seguinte:

**SUBMINISTRO INFORMACIÓN 1º TRIMESTRE 2022  
AO CONCELLO PLENO**

A Interventora Xeral da conta ao pleno do concello da información remitida ao “*Ministerio de Hacienda y Función Pública*” a través da correspondente aplicación de captura habilitada na “*Oficina Virtual para la Coordinación Financiera con las Entidades Locales*”, en cumprimento do que se establece no artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, correspondente ao subministro de información do 1º trimestre do exercicio 2022, así como o correspondente informe, efectuada por esta Intervención (artigo 4.1.b) utilizando os medios electrónicos e formularios do sistema habilitado polo “*Ministerio de Hacienda y Función Pública*” (artigo 5.1).

*Asinado dixitalmente por:*

*A interventora xeral*

*María del Pilar Canzobre Méndez*

*02/05/2022*

O Concello Pleno, deuse por enterado.

**13 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE MEDIDA DE GRAZA DE INDULTO A XESÚS ANXO LÓPEZ PINTOS..** - Visto o texto da moción que literalmente transcrito di:

**MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO BNG NO CONCELLO DE NARÓN**

O Grupo Municipal do BNG no Concello de Narón, e conforme ao previsto no artigo no Regulamento de Organización Municipal, presenta ao Pleno a seguinte MOCIÓN

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As centrais sindicais maioritarias da comarca de Ferrol veñen de por en marcha unha campaña social en apoio do ex-secretario comarcal da CIG, Xesús Anxo López Pintos, coa convocatoria dunha manifestación para o día 31 de maio e máis unha recollida de sinaturas apoiando a concesión do indulto para Pintos, que foi condenado pola Audiencia Provincial da Coruña a unha pena de 6 meses e un día de prisión e inhabilitación especial do dereito de sufraxio pasivo por ese tempo, pola comisión dun delito de atentado contra axentes da autoridade, sentenza que vén de ser confirmada polo Tribunal Supremo.

Os feitos obxecto da condena tiveron lugar o 4 de outubro do ano 2012 formando parte dunha concentración que esa noite se formou diante do Hotel Almirante de Ferrol nunha acción de protesta fronte á plítica desenvolvida polo Partido Popular, polo lamentable estado da comarca, e pola inexistencia de medidas reais e efectivas do mantemento e a desaparición de emprego no deteriorado tecido industrial de Ferrolterra. No momento dos feitos atopábanse reunidas arredor dunhas trescentas persoas de todo signo e cor político e sindical (CCOO, UGT, CIG, USTG...), e coa presenza de multitude de delegados sindicais de diversos comités de empresa da comarca. Tratábase dunha acción plural na que as forzas vivas do sindicalismo e o progresismo da comarca estaban a reivindicar menos enganos e máis



emprego fronte a unha política nefasta que estaba a arruinar o noso país e o sector naval en particular.

No grupo de persoas estaban colectivos tan variados como o comité de NAVANTIA FERROL, NAVANTIA FENE, ou POLIGAL, dirixentes sindicais, sindicalistas de todo tipo, políticos e xente aos que os unía o dereito de exercer unha protesta polo que consideraban unha errática política antisocial.

Neste contexto, nun momento determinado nesta acción, cando os presentes eran máis de trescentas persoas, produciuse a detención de López Pintos, de forma absolutamente violenta, improcedente e arbitraria, nunha acción policial claramente teledirixida, única e exclusivamente, a deter violentamente a esta persoa pois foi buscado entre a multitude e sen causa lexítima para iso, dado que era o secretario comarcal de Ferrol da CIG.

O dereito fundamental ao libre exercicio da actividade sindical (artigo 28 CE) ten os seus antecedentes históricos na Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que establece o dereito de toda persoa a fundar sindicatos e sindicarse para a defensa dos seus intereses, así como no Pacto Internacional dos Dereitos Cívís e Políticos, do 16 de decembro de 1966, que tamén establece a liberdade de asociación de orde laboral, sen permitir ao Estado menoscabar o exercicio da liberdade sindical. Tal dereito viuse truncado aquela noite coa arbitraria detención e posterior condena xudicial, a pesar de ser vítima Xesús Anxo López Pintos de malos tratos, o que quedou plasmado nos medios de comunicación.

A figura do indulto defínese legalmente como unha forma de extinción da responsabilidade criminal. A particularidade e a esencia do indulto atópanse en que a extinción da responsabilidade penal se produce como consecuencia dunha decisión do Consello de Ministros.

Mentres que os órganos xudiciais son chamados a impartir xustiza nos termos previstos polo artigo 117 da Constitución, o Goberno débese á defensa dos intereses xerais de conformidade co artigo 97 da mesma norma. E, precisamente para a consecución de tal obxectivo, a propia Constitución puxo á súa disposición a figura do indulto, entendendo que, en ocasións excepcionais, é necesaria a adopción de decisións políticas sobre cuestións previamente abordadas polo poder xudicial.

Para a concesión dun indulto será necesario que concorran en favor do condenado razóns de xustiza, equidade ou utilidade pública. E as tres concorren neste caso concreto. Non se debe esquecer o papel de Xesús Anxo López Pintos naquela concentración, onde defendía intereses, non propios, nin egoístas, senón colectivos ou xerais.

No BNG consideramos que a decisión que debe tomar o Goberno español respecto do indulto que se solicita para Xesús Anxo López Pintos ten que estar loxicamente motivada e atender a unha perspectiva política e social. E a utilidade pública da súa decisión debe medirse polo efecto que proxecta sobre os intereses colectivos ou xerais e pola transcendencia que presenta a súa adopción para o común dunha sociedade, máis aló das repercusións particulares.

O cumprimento efectivo da pena de prisión xeraría un enorme sufrimento en Xesús Anxo López Pintos e a súa familia, que é francamente innecesario, máxime cando a día de hoxe leva xa tempo en situación de xubilación e os feitos ocorreron hai case dez anos.

É por isto que o Grupo Municipal do BNG presenta a seguinte moción con proposta para o seu debate e aprobación polo Pleno:

1. O concello de Narón insta ao Goberno Galego a que se dirixa ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo López Pintos.”
2. O concello de Narón insta ao Goberno do Estado a fin de solicitarlle con carácter inmediato que o Consello de Ministros acorde a concesión da medida de graza de indulto a Xesús Anxo LópezPintos.”

Narón, 4 de maio de 2022

OLAIA LEDO DÍAZ

E visto o ditame favorable por maioría (coa abstención do portavoz do PP; e os votos favorables dos de TEGA -2-, PSdeG-PSOE e BNG) da Xunta de Portavoces do 23 de maio de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmo termos.

### **DEBATE**

-Sra.Ledo Díaz: ben. Boas a todos e a todas. O 4/10/2012 nunha concentración provocada polos comités de Poligal e Navantia diferentes organizacións sindicais, políticas e multitude de persoas acudiron a unha concentración diante do Hotel Almirante e nun momento convulso como o que estamos tamén a vivir, no, nesta comarca e ao finalizar esa concentración procedeuse a detención de Xesús Anxo Pintos, persoa coñecida ao que viña a ser unha detención e a todas luces arbitraria a unha persoa que era unha das cabezas que tiña que defender alí os dereitos. E fíxoo nun momento no que defendía os dereitos colectivos, sociais, económicos, e nunha situación moi complicada. Estaba a realizar o seu traballo. Por eso pedimos o indulto dun veciño de Narón. Sabemos que se lle suspendeu agora a súa entrada en prisión durante 2 anos, repito, durante 2 anos. Eso quere decir que en 2 anos, pode volverse a preceder e cremos que se cumpre coas peticións que se fan sobre o indulto que sería de equidade e xustiza cara unha persoa que agora está xubilada e que eso se realizou hai máis de 10 anos e que decir cunha Lei mordaza que se non existira hoxe non estaríamos neste Pleno falando desta condena.

-Sr.Pita Breijo: boa tarde a todas e a todos.

Xesús Anxo López Pintos sindicalista recoñecido, veciño de Narón, dunha grande traxectoria na loita polos dereitos sociais e laborais. Díficil labor e pouco valorada nos medios, e que require gran valor e un traballo continuo e de moita dedicación.

Nós imos a apoiar esta moción sen dúbida, pero con isto tamén quero que conste nesta acta que non apoiamos a violencia, non apoiamos a violencia de ningún tipo.

A situación vivida aquel día de 2012 ante o hotel Almirante de Ferrol non é desexada nunha sociedade civilizada e esperamos que non se volvan a repetir situacións como as vividas, é certo que a tensión provocada polo goberno de Mariano Rajoy de recortes continuos en dereitos para a clase traballadora, subida de impostos, recortes sanitarios, rescate aos bancos, etc... creou unha situación de intenso malestar na sociedade froito dunha gobernanza de despacho e de clase acomodada que estoupou do modo menos desexado.

Esperamos que esta moción chegue a donde ten que chegar para tomar a decisión de concesión de indulto a Pintos, que creo que despois de 10 anos de espera, de xuízos, de



incertidume, de sentença cidadá, de estar na boca de todo o mundo, xa é suficiente condena e consideramos cumprida con creces.  
Nada máis. Grazas.

-Sr.Pereira Beceiro: grazas Sra.alcaldesa. Boas tardes a todas e a todos. O Estado de Dereito basease na separación de poderes. O poder executivo, lexislativo e xudicial. Dende este grupo municipal respectamos as decisións xudiciais así como as decisións do Consello de Ministros, que tras oportunos trámites de acordo coa lei e cos informes dos órganos competentes iniciais, e o único competente .... De igual maneira, respectamos a todas as persoas, por suposto tamén ao Sr.Pintos, nas súas accións que podan emprender para a súa defensa, pois como xa dixen antes, estamos nun estado de dereito.

Moitas grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO.**- O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: En contra 5

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

**14 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP EN APOIO DA REDUCIÓN DO IVE AOS SALÓNS DE PEITEADO E IMAXE PERSOAL.** - Visto o texto da moción que literalmente transcrito di:

**O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:**

**EN APOIO DA REDUCIÓN DE IVE AOS SALÓNS DE PEITADO E IMAXEN PERSOAL**

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Os salóns de peiteado representan un importante sector económico do tecido empresarial do noso país. Durante os últimos anos estes profesionais veñen atravesando unha notable crise, que se veu agravada coa chegada da pandemia da Covid-19.

A restricións derivadas da situación sanitaria e a práctica desaparición de celebracións e eventos festivos, unido a suba desproporcionada da enerxía eléctrica están abocando á desaparición de centos de profesionais e empresas do sector da Imaxe persoal, falamos de salóns de peiteado, estética, barbería.

Só en Galicia, o impacto da crise sanitaria provocou o peche de máis 300 negocios de peiteado e unha caída na súa facturación que supera o 30%. Estes negocios, na súa maioría pequenas e medianas empresas, supoñen un número considerable de postos de traballo.

Cabe destacar tamén, o esforzo realizado polo sector para adaptarse á normativa recomendada polas autoridades sanitarias, o que supuxo tamén un importante

investimento que, apoiados pola administración autonómica, tiveron que asumir directamente.

O pasado 21 de xaneiro, o Grupo Parlamentario Popular, logo do dialogo cos traballadores galegos do sector, rexistrou no Parlamento de Galicia unha Proposición non de lei para instar ao goberno central unha baixada do IVE, pasando do 21% actual, ao 10%, por consideralo unha das medidas fundamentais para garantir a supervivencia deste sector.

Desde este concello debemos tamén sumarnos a esta proposta de redución que se fundamenta, entre outras cuestións, na súa cualificación por parte do Goberno central como servizo esencial durante o Estado de Alarma. Pois ademais do seu traballo no ámbito da estética, realizan unha importante labor hixiénica e sanitaria, especialmente para as persoas dependentes.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Narón, presenta a seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

Demandar ao Goberno do Estado a redución do IVE dos salóns de peiteado, pasando do actual 21% a un 10%, dando o apoio necesario para garantir a supervivencia deste sector e dos postos de traballo que manteñen, nun momento de especial necesidade por mor da crise da Covid-19

Narón, 13 de maio de 2021

Germán Castrillón Permuy

E visto o ditame favorable por maioría (coas abstencións do portavoz de TEGA -2- e PSdG-PSOE; e os votos favorables de PP e BNG) da Xunta de Portavoces do 23 de maio de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmo termos.

### **DEBATE**

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

O noso grupo presentou esta moción en apoio da redución de Ive aos salóns de peiteado e imaxen persoal.

Os salóns de peiteado representan un importante sector económico do tecido empresarial do noso país. Durante estes últimos anos estes profesionais veñen atravesando unha notable crise, que se veu agravada coa chegada da pandemia da Covid-19.

As restricións derivadas da situación sanitaria e a práctica desaparición de celebracións e eventos festivos, unido á suba desproporcionada da enerxía eléctrica están abocando á desaparición de centos de profesionais e empresas do sector.

Só en Galicia, o impacto da crise sanitaria provocou o peche de máis de 300 negocios de peiteado e unha caída na súa facturación que supera o 30%. Estes negocios, na súa maioría pequenas e medianas empresas, supoñen un número considerable de postos de traballo. Se cré que entre os traballadores de autónomos hai máis de 2000 persoas que se quedaron sen traballo.

Cabe destacar tamén, o esforzo realizado polo sector para adaptarse á normativa recomendada polas autoridades sanitarias, o que supuxo tamén un importante investimento nos locais. E a suba da enerxía eléctrica está supoñendo un novo revés para este tipo de negocios. Recordar que no 2018 xa se aprobou unha proposta non de lei, presentada polo PSOE e por Unidas Podemos polo que non se entende que non se aplique agora que ambos están gobernando en España. Isto demostra que é moi fácil predicar e prometer dende a oposición e outra cousa moi distinta é facer o prometido



cando se goberna. O grupo parlamentario popular logo do diálogo cos traballadores galegos do sector, rexistrou no Parlamento de Galicia unha Proposición non de lei para instar ao goberno central unha baixada do IVE, pasando do 21% actual, ao 10%, por consideralo unha das medidas fundamentais para garantir a supervivencia deste sector. Desde este concello debemos tamén sumarnos a esta proposta de redución que se fundamenta, entre outras cuestións, na súa cualificación por parte do Goberno central como servizo esencial durante o Estado de Alarma. Pois ademais do seu traballo no ámbito da estética, realizan unha importante labor hixiénica e sanitaria, especialmente para as persoas dependentes.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Narón, presenta a seguinte proposta de acordo á que deu lectura o Sr. secretario.  
Nada máis.

-Sra. Ledo Díaz: ben, nos orzamentos do 2022 o Bloque Nacionalista Galego fixo unha emenda para reclamar que se baixara o Ive ao 10% para os salóns de peiteado, por certo medida que levaba no seu programa de goberno e así o reclamaba cando gobernaba o Partido Popular o partido socialista.

Ademais viase arroupada pola situación de pandemia como se explica na exposición de motivos que parece sacada dun.... Xa que falamos de redes do BNG, dunha páxina da web do Bloque Nacionalista Galego e das reclamacións que levamos feito con este sector porque ademais se consideraba unha actividade esencial, no. E a iniciativa xa fóra presentada alá polo 2012 pola diputada Olaia Fernández Davila, que era unha das diputadas do grupo do Bloque Nacionalista Galego no Congreso, cando Mariano Rajoy, o seu goberno subiu o Ive para este sector ao 21%. Xa daquela reclamabamos que non se fixera esa suba.

E bueno, como dixen, unha loita que continuou na actualidade e que segue a continuar presentando nos orzamentos co que nos gustaría que esa emenda, que era unha emenda, o Partido Popular, e os socios que ten alí tiveran a ben apoiar no seu momento e que agora non tiveramos que estar falando nesta moción sobre este tema que afecta por certo, a moitísimas persoas emprendedoras no noso concello. E é sorprendente no, que o estado presidido polo PSOE que apoiaba esa baixada do Ive, agora non o faga. E temos a inflación polas nubes. É o que se chama o imposto dos pobres e o Ive tamén é o imposto dos pobres porque é un imposto directo que afecta sobre todo as persoas que menos teñen.

En vez de facer imposto sobre a riqueza ou indirectos pero que o Partido Popular e a dereita sempre falan de baixar impostos e ao final cando gobernan son os que máis o suben. O exemplo é o que está a acontecer con este imposto directo que agora nin Podemos nin PSOE baixan. Véxase na gasolina por exemplo. Nos dán uns céntimos pero antes nolo cobran cun Ive do 21% para que todos fagamos caixa. Se a dereita non o fai e nós o entendemos porque logo son os que máis se enriquecen, son os que máis portas xiratorias practican e os que máis desfalcan as contas do estado e as huchas das pensións. O que non podemos comprender é o autodenominado o goberno máis progresista da historia, non sexa quen de facelo. Por eso nós no seu momento votamos en contra dos orzamentos xerais do Estado. Por coherencia, este ano tivémolo que facer e non nos arrepentimos porque non se aprobaron nin sequera emendas sinxelas coma esta, porque as perruqueiras e os perruqueiros están cumprindo cunha importante función social. Porque ademais da estética, tamén se encargan de atender as

necesidades, antes falabamos das persoas maiores. Agradezo que se interviria, porque era un tema importantísimo. Estamos falando da vellez digna e das nosas maiores pois atenden as necesidades de persoas maiores ou persoas con diversidade funcional para súa propia hixiene, non por vanidade senón por hixiene. Entón están a cumprir esa función, devolvámoslle a sociedade e as administracións cun Ive necesario porque repito, os impostos non teñen que ser recadatorios, teñen que ser redistributivos. E non como fai a Xunta de Galicia, por exemplo, con esa baixada de IRPF que beneficia casi exclusivamente as nóminas superiores a 60.000 euros. Cando a maior parte da poboación galega está por debaixo dos 60.000 euros como todos e todas sabemos. Entón iso, imos a votar claramente a favor desta moción neste caso, pero a xente que presenta, que tamén fale, que faga os seus deberes.

-Sr.Pita Breijo: boas de novo.

Sorprendeunos que a moción presentada polo Partido Popular do Sr.Castrillón, certamente.

Máis cando foi o goberno do Señor Mariano Rajoy no ano 2012 o que aumentou o Ive das Perruquerías e salóns de estética que pasou o mesmo dun 8% ao 21%, un incremento fortemente criticado e que como demostraron os resultados a posterior provocou o peche de case 50.000 perruquerías dende aquela, como vostede ben dixo.

Sabemos que o goberno de Pedro Sánchez, non é alleo a esta demanda histórica de redución do IVE, e que incluso estando na oposición defendeuse a dita redución para o sector en numerosas interpelacións ao goberno de Mariano Rajoy e do responsable de facenda na súa época e principal protagonista durante o seu mandado, Don Cristóbal Montoro, e por iso que coñecemos que o goberno socialista está a traballar nunha política global de plantexamento fiscal dos impostos que están a gravar a todos os cidadáns, cambiar puntualmente un imposto non é nin práctico nin dá certidume do sistema impositivo español, é por iso que sabemos que está encargado a un comité de expertos un informe sobre a Reforma fiscal de España e que xa foi elaborado e que está en estudo polos membros do executivo, polo que a demanda das perruquerías non foi descartada, pero tampouco será unha medida inmediata a realizar.

O que sí podemos dicir é que afecta en gran medida ao sector das perruquerías e estéticas son os grandes esforzos que está a facer este goberno en abaratar os combustibles, o custo da enerxía, da factura eléctrica, a baixada do ive da luz que é un dos colectivos máis afectados ante esta subida.

Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa.

Bueno, Sr.David, vostede sabe que o seu partido cando chega ao goberno é un partido de listos, no. Cada vez que chega ao goberno de España, deixan todo en bancarrota, no. Eso sábeo. Ocorre sempre. Ocorreu con Felipe González, ocorreu con Zapatero e vai ocorrer co Sr.Sánchez. E que loxicamente claro, hai que subir impostos, para poder cubrir toda esa bancarrota que nos quedou.

Esa é a realidade. E o que está claro é o que dixeran antes, é dicir, é moi fácil prometer na oposición e despois cando se está gobernando pois non facer o que se prometeu na oposición, que é o que non están facendo vostedes.

Ademais está claro que este é un servicio necesario, que por riba agora ven o tema da enerxía eléctrica, que vostedes recorreron media Europa para dicir que ían conseguir unha mellora e tal... e ao final o que están.... Hoxe en día aínda non teñen a autorización da Unión Europea e non saben realmente canto vai ser a bonificación, se



vai ser un 5 ou vai ser un 10 porque de aí non van a pasar . E ademais diso van a prexudicar ao colectivo de todas as persoas que estaban na tarifa libre porque lles van ter que subir que así xa o están decindo as empresas eléctricas. Polo tanto, eu creo que o que están facendo o que está facendo o seu goberno en Madrid, é unha xestión de desastre. Por non dicir outra palabra. E creo que nesta moción que presentamos aquí, creo que teñen todo o dereito este colectivo, porque este é un deles pero temos moitos máis que están afectados. Hoxe tocou falar deste pero podemos tamén falar doutros moitos para que se lles rebaixe o Ive que é o que se está pedindo como o tema da gasolina. Está comprobado, está demostrado e hai informes de institucións que son adecuadas e responsables para facer eses informes. Se é o Banco de España que o descuento dos 20 céntimos nos gasoil e na gasolina non é efectivo e que non está beneficiando ás persoas que máis o necesitan.

Polo tanto, é unha mala xestión e se lle fixo unha proposta ao goberno para rebaixar unha serie de impostos que non aceptou. E este é un deles. Para este colectivo. Polo tanto non podemos entender que vostede dende Narón non estea a favor de favorecer un colectivo que ten moito peso tamén en Narón, e que ao final creo que necesitan que funcionen os seus negocios. E non seguir pechando instalacións. Esperemos e desexamos que recapaciten e que voten a favor desta moción. Nada máis e moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: é increíble. É que o teño dito tantas veces. É igual que sexa Pedro ou que sexa Alberto, que ven aquí a decirnos o que fixo un, o que fixo o outro e que nunca haxa solucións enriba da mesa. E que eu de verdade, é de vergoña que a Xunta de Galicia teña capacidade e incluso soberanía para pedir competencias e non o faga, que nos veñan aquí a baixar impostos, cando ollo, e pechamos o ano 2021, non o digo eu, o di aquí europa press coa débeda pública en Galiza, aumenta o seu máximo histórico ao pasar dos 12.000 millóns de euros. Daquela 12.071 millóns de euros. Dou o dato exacto porque lle gusta a Javier, por exemplo, e ese grande xestor que ten a débeda máis grande, agora se vai o estado por exemplo, cobrando un salario como senador para representar a este país pero decindo que xa está censado en Madrid, entonces estánse aforrando uns salarios do Partido Popular, cousa non estrana para ter alí ao señor Alberto Núñez Feixoo para non falar de Galiza, senón para facer o seu traballo de oposición ante o Sr.Pedro. Eso é ao que nos teñen acostumados como nos teñen acostumados a abrazos con Iberdrola e agora dicir que a factura da luz é moi cara. Claro, é que ese é o problema. O problema é que vostedes venderon empresas, eso é o que fixeron no seu goberno no seu momento, venderon empresas públicas, sacaron todo o diñeiro e logo na etapa de Mariano Raxoi, deixaron por exemplo, xa o dixen, as pensións baixo mínimos e agora incluso o partido socialista nos intenta vender plans de pensións privados porque total como no nos van a xubilar ata os 75 anos, os que poidan chegar alá, pois non pasa nada. Isto é serio, no, Estamos facendo unha proposta que é necesaria na que esperamos que saia aprobada para poder estar e entre todos e todas poñer o noso gran de area para que este sector que é necesario e gravemente afectado pola inflación e por toda a situación porque as medidas que se están facendo son insuficientes aínda que por exemplo, mira, no congreso votamolas a favor porque aínda que insuficientes algo facían, non as vamos a votar en contra para que baixaran a gasolina un pouquiño e que entre todas e todos fagamos o correcto e damos alá onde

poidamos. Pero para falar de cousas que nin tanto un nin outro fixeron, creo que non é por iso.

-Sr.Pita Breijjo: falaba o Sr.Castrillón de bancarrota, bancarrota é o que lles fixo as 50 000 perruquerías de España o Partido Popular subindo o Ive. E que vostede reconece. Eso si que foi bancarrota.

E falaba do partido socialista. Falar do PP polo rescate aos bancos, esa si que foi a gran bancarrota de España.

O Sr.Aznar, con todo o ladrillo que meteu, que promocionou e que os grandes constructores que como ben sabemos é xudicialmente recoñecido pagos en “B” ao seu partido.

As herencias en Madrid e en Valencia, vostede non se acorda, eso si que é bancarrota o que provoca o Partido Popular en España.

Eu creo que a xestión de Pedro Sánchez está máis que comprobada e durante a Covid fixo o que tiña que facer, rescatar aos autónomos e as empresas e aos cidadás. E non aos bancos, esa é a gran clave que tivo Pedro Sánchez e que confiamos en que con esta reforma fiscal que se amañen todos os problemas das perruquerías e dos salóns de estética, que é o que hai que traballar. E despois bueno, en Europa, cando van vostedes a Europa e imos nós a buscar financiación e buscar axudas, vostedes o único que fan é meter zancadillas, no.

Entonces bueno, hai que seguir apoiando ás perruquerías, que é o tema que estamos a debater. Moitas grazas.

-Sr.Castrillón Permuy: para rematar. Bueno, como falamos de bancarrotas, imos falar os máis indicados, é dicir, o Sr.presidente do goberno estaba en Caixa Madrid, cando Caixa Madrid saíu á bolsa e despois pasou o que pasou, eh.

E o seu presidente de goberno actual foi o que votou no Congreso baixar as pensións e máis baixar as nóminas de todos os funcionarios públicos de España. Ese foi o seu presidente quen o fixo.

E non falemos dos 700 millóns de diñeiro que gastaron do paro en Andalucía. Se imos falar de bancarrotas, podemos quedar aquí ata mañá. Pero é unha triste pena que aquí veñamos a un pleno de Narón e non sexamos capaces de defender as cuestións locais, como é isto, que é en beneficio de negocios do noso municipio. Eso é triste e penoso, que como non teñen argumentos para votar teñense que ir ou a Xunta con Feijoo porque se vai a Madrid porque lles preocupa. Tiveron sorte. E agora porque teñen de que falar. Porque teñen de que falar porque se non non tiñan de que falar. E isto da bancarrota, a bancarrota é a que facedes vós cando estades no goberno. Eso si que é bancarrota.

É triste que non teñades argumentos para defender e dicir “no, non votamos a favor por isto e por isto” pois digannolo. Pero eso a realidade é o que hai. E vostedes na oposición aprobáronna para que se votara e chegan ao goberno e non son capaces de xestionar para que sexa efectiva.

Nada máis, conciencia porque estamos falando de negocios e de Narón e creo que de persoas, especialmente de persoas que teñen que seguir vivindo e teñen que seguir chegando a fin de mes. Nada máis e moitas grazas.

**INCIDENCIA:** Sae o Sr.Sánchez Fojo sendo as 20:08´e volta ás 20:24´

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A Favor 8 ( non está o Sr.Sánchez Fojo para a votación)





PP: A favor 5

PSdeG-PSOE: Abstención 3

BNG: A favor 2

**15 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP PARA INSTAR AP GOBERNO DO CONCELLO DE NARÓN A QUE LEVE A CABO UNHA CAMPAÑA SOBRE O CONTROL DA POBOACIÓN DE GAIVOTAS.** - Visto o texto da moción que literalmente transcrito di:

**O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, conforme ao previsto no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa elevar ao Pleno Municipal para o seu debate e aprobación se procede, a seguinte MOCIÓN:**

**INSTAR O EQUIPO DE GOBERNO DO CONCELLO DE NARÓN A QUE LEVE A CABO UNHA CAMPAÑA SOBRE O CONTROL DA POBOACIÓN DE GAIVOTAS.**

### **EXPOSICION DE MOTIVOS**

O aumento das Gaivotas en determinadas zonas de Narón, como poden ser as zonas de Xuvia, o parque de Freixeiro e a Gándara entre outros debe de facer reflexionar ao goberno de Narón para expoñerse abrir unha campaña de estudo e control das devanditas aves.

As gaivotas poden converterse nun problema que implica tomar medidas de control e protección o máis rápido posible. A presenza das aves pousadas continuamente nos tellados dos edificios e nas cornixas, os excrementos provocan corrosión nas superficies de metal, pedra, xeran sucidade, atascan e bloquean canlóns e sistemas de drenaxe con restos de niños e plumas o que poden conducir a danos de humidade nos edificios así como danar alimentos.

Recoñecer os síntomas dunha praga e adoptar unha solución con rapidez pode reducir drasticamente o tempo necesario (e o diñeiro) para controlar eficazmente unha praga de Gaivotas.

A época de cría é desde Abril a Xuño nesa época poden ser mesmo perigosas ao sentirse ameazadas e poden atacar á cidadanía e os veciños dos edificios por onde poidan ter os niños.

Ademais de controlar a densidade poboacional, no caso da gaivota é relevante tamén o estudo do seu papel na epidemioloxía das enfermidades infecciosas. Un estudo realizado no ano 2017 revelou que as gaivotas da cidade excretan unha alta porcentaxe de bacterias E. coli resistentes aos antibióticos, contribuíndo á expansión deste grave problema de saúde pública. Este fenómeno facilita ademais a propagación de patóxenos entre a vida silvestre e os humanos.

A nivel epidemiolóxico, o estudo resalta que o alto consumo de aves terrestres suxire que as gaivotas, poden adquirir patóxenos máis propios doutras especies, presentando novos escenarios epidemiolóxicos para a transmisión, dispersión e propagación de xermes aos humanos. Este importante aspecto avaliarase en detalle en futuras investigacións.

A gaivota posúe un réxime alimentación omnívoro (animais mariños, ratas, vexetais, insectos, carroña, pitos, etc.). Nas cidades adaptou a súa dieta e come pan, desperdicios e outros.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción dos seguintes:

### **ACORDOS**

Instar o goberno de Narón que inicie unha campaña de control e estudo das gaivotas nas zonas que están a ser afectas polo aumento da poboación das devanditas aves.

Narón, 12 de maio de 2022

Germán Castrillón Permuy

E visto o ditame favorable por maioría (co voto a favor do portavoz do PP; e as abstencións dos de TEGA -2-, PSdeG-PSOE e BNG) da Xunta de Portavoces do 23 de maio de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmo termos.

### **DEBATE**

-Sr.Castrillón Permuy: grazas Sra.alcaldesa,

Bueno, presentamos esta moción para instar o equipo de goberno do Concello de Narón a que leve a cabo unha campaña sobre o control da poboación de gaivotas.

O aumento das Gaivotas en determinadas zonas de Narón, como poden ser as zonas de Xuvia, o parque de Freixeiro e a Gándara, entre outros, está sendo preocupante para os veciños de esas zonas, por ese motivo presentamos esta moción para que o goberno de Narón faga unha campaña de control e estudio das Gaivotas nas zonas apuntadas sen esquecer de comprobar se no concello de Narón pode haber outras zonas.

As gaivotas poden converterse nun problema que implica tomar medidas de control e protección o máis rápido posible. A presenza das aves pousadas continuamente nos tellados dos edificios e nas cornixas, os excrementos provocan corrosión nas superficies de metal, pedra, xeran suciedade, atascan e bloquean canlóns e sistemas de drenaxe con restos de niños e plumas o que poden conducir a danos de humidade nos edificios así como danar os alimentos.

Recoñecer os síntomas dunha praga e adoptar unha solución con rapidez pode reducir drasticamente o tempo necesario (e o diñeiro) para controlar eficazmente unha praga de Gaivotas.

A época de cría é desde Abril a Xuño, nesa época poden ser mesmo perigosas ao sentirse ameazadas e poden atacar á cidadanía e os veciños dos edificios por onde poidan ter os niños.

Por estas razóns, e facendo un chamamento a todos os representantes públicos desta Corporación e ao seu sentido do deber e da responsabilidade, o Grupo Municipal Popular insta o Pleno da Corporación, a adopción do acordo que deu lectura o Sr. Secretario. Nada máis. Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: ben, sei que hai medidas que poden ser solucionadas se no seu momento se fai o seu traballo, queremos deixar claro que non hai que crear alarmas falsas ou “fake news” porque cos datos nas máns non é certo que haxa plagas de gaivotas, en Narón, e conste que nós nos documentamos ao respecto despois diso, porque eu en Xuvia tivera medo das gaivotas por exemplo, que é a miña zona de residencia, e digo porque se menta aquí, senón igual noutras partes ou noutras situacións se estaba a dar algo que nós descoñecíamos. Entón non sabemos se isto atende ao



oportunismo, a contentar á veciñanza que así llelo pediu, ou a preocuparnos máis polo tema. Así que neste caso nós ímonos abster. Ademais non deixa de ser paradóxico, no, que o grupo municipal pida unha campaña sobre o control de poboación de gaivotas. Eu querialles decir dende aquí, que me admitan a retranca, pero que non se preocupen que en breve dexaloxaremos da Xunta de Galicia as gaivotas do Partido Popular ; sei que din que é un albatros pero comprenderán que para o pobo llano todos pensamos que o símbolo do Partido Popular é unha gaivota, entón cada vez que vemos este título pois decimos “non se preocupen, porque nós imos conter esa plaga de gaivotas e gobernaremos en breve a Xunta de Galicia”.

-Sr. Galego Castro: boas tardes a todos e todas.

Dende o grupo de goberno deste concello recoñecemos que é un problema, que é un malestar, o que xenera que haxa un número anormal desta especie de aves.

Non soamente polos inconvenientes que pode chegar a producir senón tamén polo exceso onde poden ser tamén transmisores de problemas sanitarios. Eso sabémolo todos.

Narón non se atopa na lista de concellos onde se rexistra superpoboación, non plagas. Superpoboación como ocorre noutros concellos como Ferrol ou Coruña. Isto non quere decir que non se produzan casos. Pero estes soen ser en moi pequeno número e en edificios e zonas moi determinadas que coinciden cos límites co Concello de Ferrol, donde A Gándara, Casas de Mariña e zonas de Santa Icí. Recordar que no ano 2020 sobre todo influído polo confinamento, provocado polo Covid 19 produciuse un aumento moi elevado de proliferación de todas as especies silvestres: xabaris, gatos calleiros, roedores, palomas e tamén gaivotas. Este aumento e desprazamento é moito máis significativo e alarmante nas zonas urbanas.

Aproveito para comentarlle que neste sentido, xa levamos traballando e facendo seguimento dende o ano 2020, ano no que se rexistraron un aumento importante de incidencias, nese momento contactouse con 2 empresas inscritas no Rexistro pertinente da Xunta de que teñen núcleo zoolóxico propio, cumprindo así todos os requisitos legais para o desenvolvemento deste servizo.

Nese primeiro análise de situación puidose comprobar que o control que estaba facendo o Concello de Ferrol, concello que si ten superpoboación estivo sen servizo e no momento en que este servizo se activou de novo os casos que se producían en Narón comezaron a diminuír.

Algúns casos que se daban tanto con gaivotas como con palomas tamén cando as propiedades ou comunidades de propietarios, realizaron acondicionamentos nos propios edificios tapando furados e lugares de abrigo que servía de refuxio para anidar ou con instalacións de distintos sistemas de disuasión para evitar que se posaran nas cornisas e acomodaran nos patios interiores.

No ano 2021 xa se rexistraron moitísimos menos casos e incidencias. E no que levamos neste 2022 tamén seguimos diminuindo polo que, polo menos, no que nos chegan polos nosos canais de comunicación que a administración ten a disposición da cidadanía.

Hai que ter en conta que agora mesmo estamos en época de cría e esta especie, como vostede ben decía é bastante escandalosa e coa alteración son moito máis molestas. Pero eso non significa nin indica que haxa un número desproporcionado de individuos.

Sen quitarlle a razón en parte da súa exposición, teño que aclarar un par de cuestións: rogaríalle non utilizar a denominación “plaga” xa que a Xunta de Galicia, órgano

competente para esta declaración non o ten nin así recoñecido e eso dígolle despois de que sexa a contestación máis frecuente que utiliza esa administración a Xunta de Galicia para tratar outros moitos temas.

Na súa exposición de motivos menciona o parque Freixeiro e Xuvia. Decirlle que no parque Freixeiro non me consta que haiba ningunha queixa. E en Xuvia tampouco, pero xa que falamos de Xuvia e aves, aproveito a ocasión para recordarlle que seguen aí eses gansos do Nilo, especie exótica invasora que despois de que se enviaran varias comunicacións nestes últimos anos á Consellería, en novembro do ano pasado, nunha reunión presencial, que mantivemos coa xefa territorial da Coruña, Cristina Carrión e en decembro, coa directora xeral de Patrimonio natural Belén María do Campo Piñeiro, comprometeuse a solucionar inmediatamente este problema tan grave que afecta a toda a biodiversidade desa zona.

Pero 6 meses despois seguen a estar no mesmo sitio. Espero que no futuro nalgunha das propostas e mocións que presenten teñan en conta e esixan á Xunta de Galicia que cumpla tamén coas súas competencias.

E para acabar, como pode comprobar xa estivemos facendo seguimento a esta situación. Se vostede ten información da que nós non dispoñemos agradeceríalle que nola comunicaran ofrecéndonos a seguir traballando polo benestar dos veciños e veciñas de Narón. Moitas grazas.

-Sr.López Balado: buenas tardes a todos. Si me permite sólo quería hacer una aclaración que pretendía que no contara como intervención. Porque antes cuando escuché a la Sra.Ledo, casi le estaba entendiendo que eramos una plaga o algo así... y yo después me quedé tranquilo porque, me acordé que lo nuestro es un “charrán común” ..... (*risas*)

-Sr.Castrillón Permuy: equivocouse de ave.

Bueno, contestándolle ao Sr.Santiago, nós o que pedimos na moción é instar ao goberno de Narón a que inicie unha campaña de control e estudio....

Se vostede está facendo o control paréceme estupendo. E ten contrato coa empresa que está facendo o control? Porque nós temos constancia que había un control de palomas pero non tiñamos constancia que había un contrato para as gaivotas.

Pois oíe, nós estupendo que así sexa e o que si lle digo que en Freixeiro a parte do parque, o edificio do BBVA pois hai bastantes gaivotas enriba no tellado.

E na Gándara se plantexou nalgún consello veciñal que houbo alí e en Xuvia tamén hai un edificio que tamén estaba afectado, que tamén nos chegaron as suxerencias de que había que facer algo con esta ave.

O que si nos gustaría é coñecer ese contrato, como está feito e que cantidade supón ao concello e para canto tempo está feito. Eso é o que nos gustaría saber.Nada máis.

-Sr.Galego Castro: decirlle que non hai un contrato porque non hai unha retirada. Non hai unha retirada co cal non nos supón un gasto. Vale.

Con referencia aos edificios esos que menciona, menciona 2 edificios, vólvolle a repetir, nós non temos esa información, alégrome que vostede a teña, si tiñamos información sobre o da Gándara, e sobre o das Casas da Mariña que eran os sitios onde máis problemas estaba habendo e foi onde se lle fixo ese seguimento.

Pero xa lle digo, e como lle acabo de relatar aí houbo unha diminución e hoxe por hoxe nin se pode falar de plaga, é máis pódese falar de casos illados.

Nada máis. Moitas grazas.



-Sr.Castrillón Permuy: bueno, como vexo que simplemente está .... Non hai contrato, eu o que lles digo é que insisto, deberían de controlar e facer un estudio e comprobar que eso é como realmente di vostede, que eu non dubido deso, pero bueno, a min chegaronme comentarios, vímolos na reunión e polo tanto, consideramos que se debe de controlar porque se o controlamos agora en tempo e forma estou convencido de que o gasto vai ser moi inferior e que ademais evitaremos o malestar de varias persoas, no. Simplemente eso. Nada máis. Espero que voten a favor. Grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, **NON** aprobou a proposta transcrita:

TEGA: En contra 9

PP: A favor 5

PSdeG-PSOE: En contra 3

BNG: Abstencións 2

## **16 °.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A LGTBIFOBIA..** - Visto o texto da moción que literalmente transcrito di:

O **Grupo Municipal do PSdeG-PSOE**, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base á seguinte:

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

O 17 de maio, día internacional contra a LGBTIfobia, foi recoñecido en España como Día Nacional por acordo do Consello de Ministros no ano 2009.

A conmemoración do día contra a LGBTIfobia foi escollida porque ese mesmo día no ano 1990 a Asemblea Xeral da OMS eliminou a homosexualidade da lista de enfermidades mentais, poñendo fin á percepción internacionalmente institucionalizada da homosexualidade coma una “enfermidade susceptible de ser curada”.

Os avances en dereitos LGBTI a nivel global dende aquela decisión son notables e teñen servido para empoderar e protexer ás lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais nun gran número de países.

Pese aos avances legislativos producidos no conxunto do Estado con leis socialistas como a lei 13/2005 do matrimonio igualitario ou a lei 3/2007 da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo e no ámbito autonómico coa aprobación da lei 2/2014 pola igualdade de trato e a non discriminación LGBTI proposta polo PSdeG, as persoas LGBTI seguen a a vivir vexacións, insultos, discriminación, violencia, ameazas e agresións polo simple feito de ser como son e amar libremente.

Un recente estudo elaborado pola UXT amósanos que o 91 % das persoas LGBTI na nosa Comunidade Autónoma consideran necesario ocultar a súa orientación sexual, o 96 % consideran que a súa orientación sexual é un inconveniente á hora de atopar traballo e 6 de cada 10 traballadoras e traballadores LGBTI en Galicia teñen vivido algunha agresión, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas.

O asasinato de Samuel o pasado ano na Coruña, as recentes agresións LGBTifóbicas nos concellos de Ourense, Ribadavia ou Vigo, son só a punta do iceberg dun conxunto de actitudes discriminatorias que atopan acubillo nos discursos de odio e requiren unha

resposta firme das institucións públicas, que se concreten en máis políticas destinadas á erradicación da LGBTIfobia.

A Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia aprobada por unanimidade no Parlamento de Galicia leva dende a súa aprobación esperando polo desenvolvemento regulamentario que no seu debate se prometía.

Concretamente, o artigo 8 da citada lei dispón que se apoiará a creación dun “servizo de información, atención e asesoramento a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais”, mais dende o 2014 que se aprobou a lei a Xunta non amosou disposición algunha para a creación destes servizos municipais.

Tendo en conta que o orzamento consolidado da Xunta de Galicia do ano 2022 é de 11.571 millóns de euros, do cal só se destina a LGBTI 21.000 euros para asociacionismo, o que supón un mísero 0,002% do total, é evidente que con esta dotación orzamentaria é complexo levar a cabo calquera tipo de acción rigorosa destinada a eliminación da discriminación por razón de orientación sexual.

Non sendo suficiente coa falta de aplicación da lei e coa infradotación orzamentaria, a Xunta de Galicia, aproba o 3 de outubro de 2016 un decreto polo que se modifican as funcións dos Centros de Información á Muller (CIMs) incluíndo as actividades de información e atención ao colectivo LGBTI. Todo iso, sen incrementar o orzamento, sen máis profesionais e sen formación específica para o persoal dos CIM,s o que implica, por unha banda que os servizos destinados a eliminación das violencias machistas sofren unha clara diminución de recursos e, por outra, o colectivo LGBTI non conta co apoio profesional axeitado ás súas necesidades.

Por todo o exposto o **PSdeG-PSOE**, somete para o seu debate e a súa aprobación, se procede, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

-Instar á Xunta de Galicia a dar cumprimento ao artigo 8 da Lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia e crear os Servizos Municipais de Información, Atención e Asesoramento LGBTI, con persoal especializado e dotación orzamentaria para o desenvolvemento da súa actividade.

-Instar á Xunta de Galicia a que se comprometa nos vindeiros Orzamentos da Xunta de Galicia a incrementar o orzamento destinado ás políticas LGBTI creando unha partida orzamentaria propia destinada a este fin.

-Dar traslado deste acordo plenario á Consellería de Emprego e Igualdade, á Presidencia do Parlamento de Galicia e aos grupos políticos que conforma a cámara autonómica.

Narón, 18 de maio de 2022

José David Pita Breijo

E visto o ditame favorable por maioría (coa abstención do portavoz do PP; e os votos favorables dos de TEGA -2-, PSdeG-PSOE e BNG) da Xunta de Portavoces do 23 de maio de 2022, a súa presidenta propón ao Concello Pleno a adopción do ditame nestes mesmo termos.

**EMENDA PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**



O voceiro do Partido Popular, Germán Castrillón Permuy, o que abaixo asina, con DNI 32.626.020-Z, en nome propio e no do grupo municipal do PP, presenta ao pleno, a seguinte.

## EMENDA

A moción do PSdeG-PSOE sobre a LGTBIFOBIA.

Engadir un novo punto ao apartado de acordos:

Instar o Concello de Narón a que se comprometa nos vindeiros Orzamentos municipais a incrementar o orzamento destinado ás políticas LGBTI creando unha partida orzamentaria propia destinada a este fin.

Narón, 25 de maio de 2022

Germán Castrillón Permuy

Voceiro do grupo municipal do Partido Popular

-Sr.Pita Breijo: Non aceptamos a emenda porque xa se hai partidas destinadas a LGBTI dentro do orzamento do servizo comunitario e o noso compromiso é de ir incrementándoas ano a ano, polo que non ten sentido a emenda presentada de algo que xa se está a cumprir e a incrementar pola nosa iniciativa.

## DEBATE

-Sr. Pita Breijo: O pasado 17 de maio foi o Día internacional contra a Homofobia, Bifobia e Transfobia, no que se conmemora que xa hai máis de 30 anos da eliminación da homosexualidade como enfermidade mental, poñendo fin á percepción internacionalmente institucionalizada como enfermidade susceptible de ser curada, e nós o Partido socialista como todos os anos, sumámonos as accións reivindicativas para denunciar a discriminación e u odio provocados pola LGTBifobia da que diariamente son vítimas as persoas do colectivo en todo o mundo, e que dende aquela son notables os avances que serviron para protexer a lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais nun gran número de países.

O lema de este ano “*os nosos corpos, as nosas vidas, os nosos dereitos*”, as organizacións internacionais para a defensa dos dereitos LGTBI, reclaman o dereito das persoas a expresar libremente a súa orientación e a súa identidade sexual sen sufrir ningún tipo de violencia nin discriminación, esixindo o fin das terapias de conversión e da esterilización forzosa das persoas trans e intersex.

Actualmente aínda son máis os países nos que existen disposicións que penalizan os actos sexuais consensuados entre persoas adultas do mesmo sexo que os que teñen leis de protección para o colectivo, que incluso en 11 países a pena de morte é o castigo legalmente prescrito.

Temos casos non que non estando penada legalmente, os medios de comunicación ou os políticos fomentan a discriminación e chaman á violencia contra o colectivo, como por exemplo Polonia coas zoas libres de LGTB.

O noso país converteuse en referente internacional en materia de dereitos ao colectivo grazas a todos os avances lexislativos que se produciron o longo deste século, como a Lei de Matrimonio Igualitario, a Lei reguladora da rectificación rexistral da mención

relativa ao sexo das persoas, ou as diferentes leis LGTBI e Trans que foron aprobando as distintas comunidades.

Hai que lamentar que durante a segunda década do século produciuse un estancamento debido á inacción dos gobernos do PP, que fixo que o noso país deixara de estar entre os primeiros da lista ILGA en materia de protección de dereitos do colectivo.

Actualmente somos o oitavo país no mundo nesta materia, pero coa aprobación da Lei de Igualdade de Trato e non Discriminación (Lei Zero), que está en fase de tramitación parlamentaria, e da próxima lei LGTBI e Trans, voltaremos a ser referentes mundiais regulando temas tan importante como a prohibición das terapias de conversión e o dereito á reparación das vítimas de discriminación ante accións que non son constitutivas de delito.

Un goberno socialista de novo mantén o compromiso cos colectivos de rematar coa lacra da discriminación e os delitos de odio, porque non debemos esquecer que pese a ter un potente aparato lexislativo de protección ao colectivo, as vexacións, os insultos, a discriminación, a violencia, as ameazas e as agresións son algúns dos actos aos que lamentablemente enfróntanse a diario moitas persoas do nos país polo feito de ser como son e amar a quen queren amar.

Moitas grazas.

-Sra.Ledo Díaz: imos a votar a favor desta moción como non podería ser doutra maneira. Chamounos a atención que se faga respecto dun día que xa pasou e estamos no mes das letras. Tamén podíamos facer aquí unha declaración institucional a favor do Día das Letras Galegas, en moitas outras ocasións, porque ademais en xuño ven o día do orgullo pero cremos que non é menor falar cantas máis veces desto mellor sempre que logo teña un sentido práctico, a linguaxe non é inocente e pasa co colectivo LGTB pasa cos dereitos das mulleres e pasa en moitas outras ocasións onde vivimos nunha sociedade agora mesmo de confrontación porque hai algunhas organizacións políticas irresponsabeis que están buscando esa confrontación e ten que ser a democracia quen lles pare os pés e que poña voz de alarma porque por moitas garantías que teñamos de dereitos a verdade é que cada vez hai máis violencia contra este colectivo polo mero feito de amar a quen se queira. Entón o noso voto vai ser favorable.

-Sr.Pereira Beceiro: grazas Sra.alcaldesa. Boas tardes a todas e a todos de novo.

Antes de nada quero dar persoalmente as grazas ao concelleiro que presenta esta moción no nome do seu grupo municipal por darme a oportunidade de explicar á cidadanía de Narón, o moito que se leva traballado neste tema tan importante tanto dende a Xunta de Galicia como da Consellería de Igualdade. Queda moitísimo camiño por percorrer pero en Galicia dende a Xunta e tamén dende o PPdeG facemos as cousas con xeito e sentidiño e aínda que temos moito camiño por percorrer, temos tamén moito camiño máis adiantado que noutras comunidades autónomas onde gobernan vostedes e que din que son progresistas, non sei de qué.

En primeiro lugar, a cidadanía de Narón debe saber que Galicia, grazas ao Partido Popular de Galicia, foi a primeira comunidade autónoma en todo o territorio nacional en contar cunha lei, a 2/2014 de 14 de abril que consolida o principio de igualdade, de trato, e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI. A primeira do territorio nacional.

En segundo lugar, a Xunta pola disposición do colectivo LGTBI, os centros Quérote da Dirección Xeral de Xuventude e os 84 centros de información á muller, os CIM, que polo visto non o deben de saber, nos seus decretos de acreditación, para ser acreditado un CIM, tense que estar cualificados e capacitados para prestar atención psicolóxica e





xurídica ás persoas LGTBI se non se pode dar esa prestación entroutras non se pode abrir un CIM. Por certo, non hai moito que Terra Galega e vostedes o PSdeG votaron en contra dun CIM en Narón, é dicir, votaron en contra do dereito das persoas LGTBI do noso concello. Isto é así por lei? Mala sorte pero o descoñecemento da lei non exime do seu cumprimento.

Terceiro, orzamentos. Por un lado, dun xeito temos o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que ten orzamento propio. Aquí non está soamente a Xunta, está a FEGAMP, as universidades galegas, a UXT, Comisiones, o CSIF, a CIGA, a confederación de empresarios, pero tamén hai asociacións, entre elas, o comité antisida Coruña, nos mesmas, Alas Coruña, a rede educativa de apoio LGTBI de Galicia, a Asociación de familias de menores transexuais. Como vemos hai moitos colectivos implicados. Ademais a Xunta ten todos os anos dende o 2016 unha partida nominativa específica para a sinatura de convenios de colaboración coas entidades LGTBI. O ano pasado firmáronse convenios con Arelas, co comité antisida Coruña, con Nós mesmas, con Alas Coruña e con Puls? pero dende o 2021 estas partidas se duplicaron. Incrementouse nun 100% a contía dos convenios. E todo isto, co obxectivo de garantir que todas as persoas sin importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, e que poidan exercer plenamente os seus dereitos con dignidade e liberdade.

En conclusión, dende que se aprobou no 2014 grazas ao Partido Popular de Galicia, o camiño andado é moito. Aínda queda moito máis evidentemente e estamos apostando por políticas que fomentan unha sociedade máis diversa e máis igualitaria. Moitas grazas.

-Sr.Pita Breijo: contestarlle ao Sr.Pereira que aquí queremos diferenciar o que pedimos e que haxa unhas oficinas propias para o tratamento da sociedade LGTBI. Estamos falando de especializar oficinas nese sentido. Non estamos a falar de que si os CIMs teñen persoal preparado ou non o teñen. Estamos falando de especializar e de crear oficinas propias. A todo isto estamos vendo que nas sociedades están... os delitos de odio estanse a incrementar. Sabemos que no ano 2021 houbo un incremento dun 40% respecto ao 2020 dos delitos de odio, tamén sabemos que o colectivo LGTBI é unha minoría vulnerable fronte aos ataques das persoas que non aceptan o cambio social. Son poucos, pero cada día son máis radicais e atopan o amparo nos discursos da ultradereita, e que en torno ao 90% dos delitos quedan sen denunciar por medo a mostrar a orientación sexual, a desconfianza nas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, o medo aos agresores, medo a non ser cridos...ademais o 50% das vítimas que presentan denuncia, consideran que o trato recibido non foi adecuado e que unha inmensa maioría prefire trasladar os feitos as asociacións que traballan na defensa dos dereitos do colectivo.

O pasado abril o ministerio do interior presentou o Segundo Plan de Acción contra os delitos de odio 2022-2024 co que quere corrixir estas deficiencias e facer emerxer todos os delitos de odio que ocorren, garantindo un trato adecuado as vítimas e creando unidades específicas dentro da policía para combater estes delitos, e cunha dotación de máis de 1 millón de euros e comprende 8 liñas de acción que teñen ás vítimas como eixo prioritario. Como son:

- A mellora na asistencia e apoio ás vítimas e o impulso da formación.
- A sensibilización e a concienciación dos membros das FCSE.

Por todo isto, pedimos que vos sumedes as reivindicacións do colectivo neste día para acabar contra os delitos e a discriminación contra o colectivo LGTBI, porque unha sociedade que non discrimina é unha sociedade mellor.  
Moitas grazas.

-Sr.Pereira Beceiro: moitas grazas de novo, Sra.alcaldesa. Bueno, vólvolle a lembrar que vostedes votaron en contra dun CIM en Narón que é por lei o encargado da atención psicolóxica e xurídica de todas as persoas. Acaban de non aceptar unha emenda para un orzamento específico. Están pedindo unha oficina e logo non queren orzamento, que queren unha foto? Unha foto e quedar ben, unha pancarta un día e xa se acabou esto. Pero claro, esto é o que teñen vostedes enriba. Por certo, recoméndolle que o informe Ilga, Europa, que o mire ben, que dende que goberna o Sr.Sánchez, España pasou do número 2 ao número 11 de Europa, e se non o lé ben e non quere ler todo o informe, si busca “ESdiario” que é un diario progresista, hai 15 días, saíu aí esta noticia, que a ten aí resumidiña. Pero non só eso, aquí estamos..... é dicir, moito “lirili” e pouco “lerele” “moito fume” e pouca “papa” . E a universidade de Oslo e a universidade de .... fan o ranking mundial de países con máis benestar para as mulleres.

Dende que goberna Sánchez, pasamos do cuarto posto ao décimo quinto.

Pero si miramos noutras cousas que xa non son LGTBI segundo a plataforma de afectados pola hipoteca e segundo o instituto nacional de estatística, os desahucios no ano 2021 aumentaron un 58%. Segundo o Ministerio de Interior, os delitos sexuais e as violacións en España, aumentaron un 35%.

Segundo a EPA, somos o país, o primeiro- segundo, segundo mes con máis paro. Somos o país con máis paro xuvenil, somos o país con máis paro na muller. Hai 3 comunidades autónomas gobernadas polo partido socialista, Asturias, Extremadura, Canarias, que ten un paro do 100% nas mulleres menores de 20 anos.

Paréceme que as súas medidas, quizais sería mellor falar menos e apostar máis. É unha pena que votaran en contra da nosa emenda. Moitas grazas.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por maioría e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita:

TEGA: A favor 9

PP: En contra 5

PSdeG-PSOE: A favor 3

BNG: A favor 2

### **17º.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES** **A/ MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA FACER PÚBLICA A** **WEB CREADA POLO EQUIPO REDACTOR DO PLAN DIRECTOR DA**

**SOLAINA.** -Lida polo secretario xeral a proposta que di así: O Grupo Municipal do BNG no Concello de NARÓN e conforme ao previsto no artigo no Regulamento de Organización Municipal, presenta ao Pleno a seguinte MOCIÓN: “FACER PÚBLICA A WEB CREADA POLO EQUIPO REDACTOR DO PLAN DIRECTOR DA SOLAINA”

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

As administracións locais deben e poden pór en marcha políticas e actuacións que garantan o benestar da poboación. Estas actuacións deben actuar no curto, medio e



longo prazo. É o momento de actuar no curto prazo e promover a participación cidadá: non son só transformacións urbanas as que aparecen nun proxecto municipal e contratadas a unha empresa se non as que pouco a pouco vai tomando a poboación e “apropiándose” (un exemplo é que canta máis xente vai en bici isto obriga a modificar condutas de mobilidade). Por iso, un proxecto tan importante que pode beneficiar ao conxunto do barrio da Solaina como foi a aprobación dun plan director tense que facer coa maior participación pública. Até o momento, ademais de informar aos grupos municipais só se fixo un encontro no barrio. Un acto público que, ademais de entidades e persoas que participaron, só contou con tres veciños do mesmo barrio da Solaina sendo os demais doutros lugares. Para que un proxecto desta embergadura sexa eficiente e positivo tense que traballar desde todos os ámbitos para dalo a coñecer e que a sociedade se apropie del. En Santa Icíá contamos con dous colexios, unha escola infantil e diferentes entidades coas que é unha oportunidade poder traballar con elas e, ademais, tal e como se informou cando se nos presentou a todos os grupos municipais hai unha web creada e sinxela onde se explica en que consiste este plan. Por iso de diferente maneiras (desde os consellos territoriais ou mesmo persoalmente a concelleiros) temos preguntado e pedido desde o noso grupo municipal para que desde o goberno de Narón tiveran a ben facer pública esta web, porque é unha ferramenta máis para que as veciñas e veciños coñezan o proxecto. A última vez, na comisión de obras e servizos do mes de abril. Consideramos que é algo sinxelo e no que sería un chanzo máis cara a participación das persoas afectadas e beneficiadas pola transformación que pode supor este plan director.

## POR TODO ISTO PEDIMOS O SEGUINTE ACORDO:

1.- Facer pública a páxina web do plan director do barrio Solaina creada polo grupo redactor.

Asdo: Olaia Ledo Díaz  
Portavoz Municipal

**VOTACIÓN DA URXENCIA.**- O Concello Pleno, por unanimidade, aprobou a urxencia de tratar a moción transcrita.

## **DEBATE**

-Sra.Ledo Díaz: no momento histórico actual, os cidadáns e cidadás das cidades e vilas grandes atopámonos cada vez máis desligados da contorna e hai complexidade en distintos procesos por mor disto, no. E o espazo público moitas veces de ser tal e se

expulsa ás persoas porque pasan a ver ocio monitorizado ou ocio en actividades moi puntuais, en espazos onde non se garante a seguridade para todas as persoas.

Por eso cremos que cando se fan plans interesantes como os que se viñeron a presentar, e que é verdade, teño que decilo Román, nós pedimos durante moito tempo, e preguntamos a Pablo moitas veces, e nos decía que se estaba a facer, que se estaba a facer o plan director da Solaina, pareceunos unha oportunidade para un barrio que ten unhas necesidades específicas, un avellentamento da poboación, con moitísimos baixos comerciais pechados, creo que tamén ten moitísimas oportunidades. E é verdade que cando se nos explicou aos portavoces dos grupos municipais, alí se dixo que había unha páxina web, se veu alí posta e nós nalgunhas ocasións, temos preguntado a concelleiros, a concelleiras, mesmo o mes pasado, na Comisión de Obras, e se nos dixo que se ía mirar si realmente había esa web. Era unha web sinxela, na que nós cremos que agora é importante porque é verdade que ese proceso, o plan director, houbo unha pandemia polo medio polo que non se pudo facer unha participación importante e necesaria, pero agora estamos nun momento no que si e a única charla que se fixo no seu momento, aparte de que houbera persoas que se achegaron doutros lados e en realidade do barrio da Solaina, só había 3 persoas. É dicir, é un plan que non se coñece cando estamos nun barrio onde hai colexios, onde se pode participar cos coles e facer propostas, non só de facer propostas dirixidas de maneira vertical desto que hai que facer ou sacámonos unha foto senón, que sexan partícipes, porque a maneira de defendelo e facer espazos máis seguros é que as persoas se apropien das propias mudanzas que se plantexan no que é espazo público e nos plans de mobilidade. Ademais isto aseguraría que a xente ao coñecer tamén foran máis partícipes a propoñer cousas ou a integrarse e ademais nese plan polo que vimos así ese día tamén había propostas fóra e que ían máis alá como podían ser ascensores comunitarios en edificios que agora xa teñen unha idade que poderían valer para outro tipo de usos, ou outro tipo de propostas que cremos que é necesario que a xente da Solaina coñeza. Entonces non entendemos que non se faga pública esta web, non digo que con eso todo o mundo vaia a participar ou coñecer, pero dende logo é un paso máis para que a xente coñeza o que se quere facer alí se é que en realidade se quere facer.

-Sr.Castrillón Permuy: eu creín que o grupo de goberno, algún dos dous grupos ían intervir, ían dicir algo, no.

Nós temos algo que dicir. Unha que imos a votar a favor e outra que na presentación que fixeron deste plan, quedáronnos de pasarnos este proxecto aos grupos da oposición, que nos ían a pasar o proxecto e a día de hoxe pois, pasou o día, pasou a romería e nós non volvemos a saber máis nada deso.

Polo tanto, solicitamos tamén que se nos faiga chegar a nós ese plan director para telo.

E despois outro tema para comentarlle a Olaia que nos fala de 2 colexios, eu creo que se che olvidou un colexio no, porque é o Ayala, Virxe do Mar e A Solaina, no. Entonce son 3 e consideramos que é bo que participe a xente e que o goberno que nos diga algo porque creo que é importante saír deste Pleno, pois coa idea clara, no.

Nada máis e moitas grazas.

-Sra.alcaldesa: pois mire, lle decimos que si, que imos a votar a favor, e que se vai a publicar. É algo que evidentemente fixemos un esforzo para facelo, se lle presentou á oposición antes que a ninguén, logo se fixo un acto público, se lle presentou á cidadanía, algo do que estamos moi orgullosos, e que falta colgalo, se vai a facer e nada máis. Non sei que quere máis que lle digamos, que votar que si a esa moción.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** O Concello Pleno, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a moción transcrita.

**18 °.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACION DE CONTA RESOLUCIÓNS ÓRGANOS DE GOBERNO.. -**

Dase conta das resolucións de abril de 2022.

ORGANO	EXTRACTO	FECHA	NUMERO
Decreto de Alcaldia	ACCESIBILIDADE NAS RÚAS AMENADÁS, VIVENDAS DO OBISPO E FERROL	01-04-2022	832
Decreto de Alcaldia	REFORZO DE RODADURA NO CAMIÑO DE CIMADEVILA - CANTEIROS (O VAL)	01-04-2022	833
Decreto de Alcaldia	REPARACION DE PAVIMENTO E REFORZO DE RODADURA EN CAMIÑOS DA ZONA RURAL. LOTE 3: REFORZO DE RODADURA EN CAMIÑOS DE O VAL E SAN MATEO	01-04-2022	834
Decreto de Alcaldia	SEG SOCIAL 2022	01-04-2022	835
Decreto de Alcaldia	RESOLUC. DENEG. REC. REPOSIC. XOGOS INFANTIS PARQUE R. FREIXEIRO	01-04-2022	836
Decreto de Alcaldia	INICIO DE EXPTE. DE EXECUCION SUBSIDIARIA - OBRAS SEN LICENZA DE CONSTRUCCION DE NOVA EDIFICACION EN ESTRADA DE CASTELA Nº 743	01-04-2022	837
Decreto de Alcaldia	TRABALLOS DE ACTUALIZACIÓN E CONSERVACIÓN DO CATASTRO DO CONCELLO DE NARÓN	01-04-2022	838
Decreto de Alcaldia	IMPOSICION SANCION 100€ INFRACCION COVID REUNION	01-04-2022	839
Decreto de Alcaldia	OBRAS DE ACCESIBILIDADE E REFORMA DA R/MARCIAL CALVO	01-04-2022	840
